

## ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>) CELEBRADA O DÍA 25/02/2021

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE  
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS asistentes  
-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA  
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES  
-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO  
-DONA SONIA OUTÓN CASAL  
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO  
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ  
-D., ÁLVARO CAROU GARCÍA  
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA  
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO  
-DONA MATILDE LAYA LORENZO  
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN  
-D. MANUEL MÉNDEZ VARELA  
-D. JUAN MARCOS ALCALDE VÁZQUEZ  
-DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ  
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO  
-D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ  
-DONA MARIA DE LA O FERNÁNDEZ GONZÁLEZ  
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

Lista de non asistentes  
-DONA LUCÍA CÉSAR VELOSO

SECRETARIA  
MARÍA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA  
TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 25/02/2021, e coa asistencia da Secretaria e da Interventora, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 28 de xaneiro de 2021.

2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes xaneiro de 2021.

3. Toma de coñecemento da representación do Grupo Político Municipal de Vilagarcía en Común na Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais.

4. Aprobación, se procede, do Expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos 1/REC/2021.

5. Aprobación, se procede, do Orzamento Xeral do Concello e da FPSDM para o exercicio 2021, anexo de investimentos, operación de crédito que o financia, así como o cadro de persoal, relación de postos de traballo, convocatoria de procedementos de promoción interna e oferta de emprego público

6. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

7. Aprobación, se procede, do Manifesto do Consello Local da Muller con motivo do 8 de marzo, Día internacional das Mulleres.

8. Aprobación, se procede da Moción presentada polo Grupo Político Municipal do PP con motivo do 8 de marzo, Día Internacional da Muller.

9. Aprobación, se procede da Moción presentada polo Grupo Político Municipal do BNG sobre as mobilizacións feministas do 8 de Marzo.

10. Aprobación, se procede, da moción presentada polo Grupo Político Municipal de Vilagarcía en Común para abordar a crise da COVID-19 con perspectiva de xénero

11. Aprobación, se procede, da moción presentada polo Grupo Político Municipal de Podemos-Marea da Vila, para a mellora das condicións das traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar e de protección ante a COVID-19.

12. Adhesión, se procede, á Iniciativa Europea do Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía.

13. Aprobación, se procede da Moción presentada polo Grupo Político Municipal do BNG sobre a Transferencia da AP9 a Galiza.

14. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

15. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

16. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.

17. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D. Ricardo Lages Vázquez utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 28 DE XANEIRO DE 2021.-**

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta de data 28 de xaneiro de 2021.

Non habendo ningunha proposta de rectificación, queda aprobada por unanimidade de tódolos/as Concellerios/as presentes no Pleno (20 de 21) a acta da sesión anterior de data 28 de xaneiro de 2021.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210225&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE**

**XANEIRO DE 2021:** Pola Secretaría dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

### RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

- 1 Aprobación Plan de Seguridade e Saúde obra
- 1 Aprobación Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares Obra
- 2 Aprobación de expediente de modificación de crédito por xeración de crédito
- 2 Aprobación expediente de modificación de crédito por transferencia
- 1 Recoñecemento de obriga xustificantes de gasto
- 2 Alta no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos
- 8 Concesión/renovación de Licenza de animais potencialmente perigosos
- 1 Resolución vehículos abandonados
- 1 Expediente sancionador por rúidos
- 2 Expediente sancionador por infracción de horario de peche
- 1 Substitución Tesoureira
- 1 Aprobación bases específicas selección 6 prazas de auxiliar administrativo
- 2 Pagamento taxa BOPPO
- 1 Aboamento en nómina servizos prestados en domingos, festivos e nocturnidade
- 4 Aboamento diferenza complementos por substitución posto de categoría superior
- 6 Nomeamento de funcionario/a ou funcionario/a interino
- 1 Remisión de expediente a Xulgado do Contencioso Administrativo
- 2 Pago expediente Tesourería
- 4 Pago expediente Intervención
- 1 Aboamento locomocións persoal
- 2 Aboamento axudas emerxencia social e anticipos nómina
- 2 Excedencia voluntaria
- 5 Pago préstamos bancarios
- 3 Pagos diversos
- 1 Reposición da legalidade urbanística
- 15 comunicación previa obras
- 2 Legalización obras
- 1 Desestímato da licenza de obra
- 16 Concesión de licenza de obra
- 4 Declaración ineficacia de comunicación previa
- 2 Concesión de licenza para acometidade e/ou conexión de augas/ou saneamento
- 3 Cambio de titularidade actividade
- 1 Conformidade proxecto de execución
- 1 Aprobación definitiva proxecto de urbanización
- 1 Informe desfavorable licenza construción auxiliar
- 2 Concesión de licenza para segregación
- 2 Resolución estimatoria rateo no IVTM
- 4 Resolución estimatoria/desestimatoria de compensación de débedas
- 1 Resolución estimatoria prorrateo IAE
- 14 Resolución estimatoria pagos duplicados
- 1 Resolución estimatoria IVTM

9 Resolución estimatoria IBI  
28 Resolución estimatoria/desestimatoria de beneficios fiscais IVTM  
1 Resolución desestimatoria beneficios fiscais ICIO  
12 Resolución estimatoria/desestimatoria IIVTNU  
1 Pago comisións TPV  
1 Pago aportación FPSDM  
1 Resolución estimatoria recibos Padrón de Mercados  
4 Resolución estimatoria de liquidacións e baixas  
19 Resolución estimatoria/desestimatoria Taxas e prezos públicos

TOTAL: 203

O Concello Pleno queda sabedor

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210225&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**3.- TOMA DE COÑECEMENTO DA REPRESENTACIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA EN COMÚN NA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS.** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 25 de febreiro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da presentación polo Grupo Municipal de Vilagarcía en Común de modificación da actual representación do citado Grupo municipal, pasando a ser titular da mesma o concelleiro de este Grupo municipal, que xa figuraba como suplente na actual representación, JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210225&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**4- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 1/REC/2021.-** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 25 de febreiro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria da Alcaldía do seguinte teor:

MEMORIA DA ALCALDIA

De conformidade co establecido nos Artigos 26.2.C e 60.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, poderán aplicarse ós créditos do presuposto vixente as obrigas procedentes de exercicios anteriores, previo recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno Municipal.

Existen gastos procedentes de exercicios pechados que se encontran nas seguintes situacións:

- Relación F/2020-152, integrada por xustificantes derivados de contratos menores de subministro do exercicio 2019 que tiveron entrada no rexistro contable en decembro do exercicio 2020, non sendo posible a súa aprobación mediante expediente de REC no exercicio 2020 dada a data conformidade do gasto.
- Relación F/2020-159, integrada por xustificantes derivados de contratos menores de subministrados e servizos realizados no exercicio 2020 que tiveron entrada no mes de decembro de 2020, non sendo posible a súa aplicación no exercicio corrente debido á data de conformidade/convalidación do gasto.

- Relación F/2020-162, integrada por xustificantes derivados de contratos realizados no exercicio 2019 e 2020, que tiveron entrada no mes de decembro de 2020 e que non foi posible a súa tramitación por non contar con crédito suficiente e axeitado nas partidas de aplicación.
- Relación F/2021-9, integrada por xustificantes que se corresponden a contratos menores de submnisitros e servizos realizados no exercicio 2020, que tiveron entrada no exercicio 2021 e que pola súa temporalidade non tiñan cabida na tramitación prevista na Base 21 das de Execución do orzamento  
Conta xustificativa da subvención directa recibida pola entidade REVENIDAS, S.C., para a xustificación da subvención recibida para a celebración do FESTIVAL REVENIDAS EN CONSERVA por importe de 15.000,00€, que non puido ser tramitada no propio exercicio 2020, por ser necesaria a subsanación do expediente que tivo lugar unha vez rematado o prazo establecido na Instrución que regula o peche contable.
- Conta xustificativa da subvención nominativa concedida á entidade á entidade ASOCIACIÓN CURTAS FILM FEST, para a xustificación da subvención que tiña por obxecto a celebración do 48ª edición do festival de curtas por importe de 50.000,00€ presentada polo servizo responsable para a fiscalización o 17/12/2020 pero que pola acumulación de traballo e carencia de persoal do departamento, non foi posible a súa tramitación no exercicio 2020.

Visto que, no orzamento vixente existe crédito suficiente ben nas aplicacións orzamentarias de imputación ben a nivel de bolsa de vinculación, nos termos indicados nas relacións de facturas anexas á providencia de alcaldía así como na aplicación 334-479 por importe de 15.000,00€ para a imputación do gasto relativo á subvención para o “Festival Revenidas en Conserva” e na aplicación 334-48002 por importe de 25.000,00€ para o gasto relativo á subvención do “48ª edición Festival Curtas” e que fan un importe total de 199.026,86€.

Vistos os informes favorables á viabilidade orzamentaria emitidos polos órganos xestores responsables dos programas de gasto implicados no presente expediente.

Tendo en conta que esta alcaldía considera preceptivo proceder ao recoñecemento extraxudicial de créditos co fin de evitar o enriquecemento inxusto da Administración dado que se trata de servizos e subministracións efectivamente realizados en aras a evitar un prexuízo para os provedores, contratistas e demais acredores.

Logo de ver os informes dos órganos xestores favorables á imputación orzamentarias.

Logo de ver os informes favorables dos servizos.

Logo de ver o Informe de Intervención, no que se manifesta a necesidade dun expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos de competencia plenaria para a aprobación das referidas relacións de xustificantes de gasto e contas xustificativas de subvencións., propoño o Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. Aprobación da conta xustificativa da subvención directa concedida á entidade REVENIDAS, S.C., para a celebración do FESTIVAL REVENIDAS EN CONSERVA por importe de 15.000,00€.
2. Aprobación da conta xustificativa da subvención nominativa concedida á entidade ASOCIACIÓN CURTAS FILM FEST para a celebración da 48ª edición do festival de curtas por importe de 50.000,00€.
3. Aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos N° 01/REC/2021 por un importe global de 199.026,86€, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2021 ( 2020 prorrogado) a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran nas seguintes relacións contables:

Nº RELACIÓN DE FRAS.	IMPORTE RELACIÓN FRAS.	Nº RELACIÓN OPAS	IMPORTE RELACIÓN OPAS
F/2020/152	933,11 €	D/2020/8	139.920,38 €
F/2020/159	23.631,83 €		
F/2020/162	115.355,44 €		
F/2021/9	19.106,48 €	D/2021/1	19.106,48 €
SUBVENCIÓN "CURTAS FESTIVAL DO IMAXINARIO"			25.000,00 €
SUBVENCIÓN "REVENIDAS EN CONSERVA"			15.000,00 €

TOTAL	199.026,86 €
-------	--------------

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

**VOTACIÓN:**

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do Expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Creditos 1/REC/2021.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

**VOTACIÓN.-** Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

**ACÓRDASE:**

1. Aprobación da conta xustificativa da subvención directa concedida á entidade REVENIDAS, S.C., para a celebración do FESTIVAL REVENIDAS EN CONSERVA por importe de 15.000,00€.
2. Aprobación da conta xustificativa da subvención nominativa concedida á entidade ASOCIACIÓN CURTAS FILM FEST para a celebración da 48ª edición do festival de curtas por importe de 50.000,00€.
3. Aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 01/REC/2021 por un importe global de 199.026,86€, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2021 ( 2020 prorrogado) a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran nas seguintes relacións contables:

Nº RELACIÓN DE FRAS.	IMPORTE RELACIÓN FRAS.	Nº RELACIÓN OPAS	IMPORTE RELACIÓN OPAS
F/2020/152	933,11 €	D/2020/8	139.920,38 €
F/2020/159	23.631,83 €		
F/2020/162	115.355,44 €		
F/2021/9	19.106,48 €	D/2021/1	19.106,48 €
SUBVENCIÓN "CURTAS FESTIVAL DO IMAXINARIO"			25.000,00 €
SUBVENCIÓN "REVENIDAS EN CONSERVA"			15.000,00 €
TOTAL			199.026,86 €

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210225&punto=4>

**Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)**

**5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO E DA FPSDM PARA O EXERCICIO 2021, ANEXO DE INVESTIMENTOS, OPERACIÓN DE CRÉDITO QUE O FINANCIJA, ASÍ COMO O CADRO DE PERSOAL, RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO, CONVOCATORIA DE PROCEDIMENTOS DE PROMOCIÓN INTERNA E OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO.** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 25 de febreiro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria da Alcaldía do seguinte teor:

MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO DE ORZAMENTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2021.

En virtude do disposto no artigo 168.1.a) do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais

aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e do artigo 18.1.a) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación o Proxecto do Orzamento Xeral, a aprobación do teito de gasto non financeiro e as súas Bases de Execución, para o exercicio económico 2021 cun importe consolidado que ascende a 31.389.955,00 euros, no Estado de Ingresos, e 31.389.955,00 euros, no Estado de Gastos, cun superávit por tanto de 0 euros, acompañado desta Memoria na que se explican as modificacións máis esenciais que foron introducidas respecto ao exercicio anterior.

A elaboración do Orzamento constitúe un dos actos de goberno máis transcendentales do exercicio, que nunha situación de normalidade debe realizarse nun marco de estabilidade orzamentaria, sostibilidade financeira e crecemento económico controlado, obxectivos fiscais coherentes coa normativa europea.

Sen embargo, a grave crise sanitaria, económica e social na que nos veu a situar a pandemia xerada a nivel mundial pola COVID19, esixe un contexto normativo que de cobertura a uns orzamentos extraordinarios e que excepcionalmente non respondan a criterios de estabilidade, sostibilidade ou a taxas de crecemento restritivas, se non a parámetros de solidariedade, apoio directo e transversal dende as administracións os máis afectados, reforzo de servizos básicos, e dotacións de equipamentos e infraestruturas que respondan ás novas necesidades.

E por iso que os orzamentos para o exercicio 2021, se ben tratan de manterse dentro dos principios consagrados na LOEOSF 2/2012, amparándose na súa suspensión acometen investimentos, afrontan liñas de axuda, así como subidas salariais que non reportarán ningunha medida coercitiva nin ningún prexuízo para a nosa autonomía local, esperando que de cara o vindeiro 2022 a situación se teña reconducido e non sexa preciso exceptuar principios claves como a estabilidade e a sostibilidade pero secundarios en momentos tan críticos e imprevisibles como nos que nos atopamos.

Unha primeira valoración do documento elaborado para o exercicio 2021 refírese ao contido material do proxecto de Orzamento, debéndose efectuar as consideracións que seguidamente se expresan.

Hoxe presentamos un documento de alto compromiso social que reforza as políticas de axudas ao emprego e comercio local, o benestar social, e o fomento do deporte entre outras, sen esquecer o mantemento e mellora das nosas infraestruturas co fin de poder ofrecer uns servizos de calidade.

O orzamento para o exercicio 2021 responde á realidade socio-económica, dentro dun marco orzamentario a medio prazo de tres anos (2021-2023) imprevisible e que obrigadamente se separa das liñas orzamentarias fundamentais para o 2021 aprobadas en setembro de 2020, debido ao cambio normativo operado na materia e que derivou entre outras cuestións, na suspensión do noso Plan Económico financeiro.

Os orzamentos que se presentan para a súa aprobación se confeccionaron tendo en conta os seguintes fundamentos:

- Liquidación do exercicio 2019.
- Avance liquidación do exercicio 2020.
- Os compromisos de achegas doutras administracións públicas, institucións e empresas.
- A valoración do cadro de persoal.
- Os compromisos adquiridos con terceiros, derivados de contratos, convenios, pactos ou acordos, incluídos os de carácter plurianual.
- A cuantificación das necesidades de bens correntes e servizos.
- A valoración da débeda municipal e xuros (carga financeira para o exercicio 2021).
- O teito de gasto non financeiro para 2021.

Os orzamentos municipais para o exercicio 2021 preséntanse equilibrados, asemade cúmprese co principio de non afectación de Ingresos e Gastos, salvo nos casos previstos na Lei.

Procédese a continuación a sinalar as cuestións máis destacables en materia de gastos e ingresos

#### 1. ESTADO DE GASTO:

Orzamento de gastos do Concello para o exercicio 2021 aumenta un 5,42% con respecto ao Orzamento de gastos do exercicio 2020. Os créditos iniciais do 2020 por importe de

29.715.000,00€ aumentan en 1.610.000,00 euros, resultando un orzamento de gastos que ascende a 31.325.000,00€:

CAPITULO	2020	2021	DIFERENZA	PORCENTAXE
Gastos de Persoal	11.451.963,39	11.598.043,72	146.080,33	1,28%
Gastos en bens correntes e servizos	11.782.821,43	11.583.703,23	-199.118,20	-1,69%
Gastos financeiros	35.000,00	25.213,23	-9.786,77	-27,96%
Transferencias correntes	2.913.291,14	3.172.326,13	259.034,99	8,89%
Fondo de continxencia	131.931,11	40.000,00	-91.931,11	-69,68%
GASTOS CORRENTES	26.315.007,07	26.419.286,31	104.279,24	0,40%
Inversións reais	2.078.563,80	3.791.344,06	1.712.780,26	82,40%
Transferencias de capital	136.650,00	149.315,00	12.665,00	9,27%
GASTOS CAPITAL	2.215.213,80	3.940.659,06	1.725.445,26	77,89%
Activos financeiros	150.000,00	150.000,00	0,00	0,00%
Pasivos financeiros	1.034.779,13	815.054,63	-219.724,50	-21,23%
TOTAL	29.715.000,00	31.325.000,00	1.610.000,00	5,42%

#### CAPÍTULO I-GASTOS DE PERSOAL:

Dentro do marco da Lei de Orzamentos do Estado para o ano 2021, o gasto de persoal increméntase nun 1,28% principalmente como consecuencia da dotación inicial do crédito preciso para afrontar o incremento salarial do 0,9% permitido pola LOXE para 2021, pero tamén do incremento da dotación para aportacións o plan de pensións do persoal municipal que se actualiza en base á evolución do IPC.

Tamén obedece o incremento, a dotación orzamentaria para procesos de promoción interna, creación de novas prazas e incremento das achegas municipais a planes de emprego, contratacións temporais, e obradoiros de emprego.

Considerando as necesidades prioritarias en determinadas área e departamentos, segundo a capacidade de auto-organización que corresponde a esta Administración, procedeuse á reorganización de postos de traballo en diferentes servizos segundo se reflicte no organigrama e relación de postos de traballo que se adxunta a esta memoria, sendo as principais medidas adoptadas as seguintes:

##### 1.- SECRETARIA XERAL

Considerando a situación de ocupación/vacantes dos postos de traballo segundo a vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) para o ano 2020, derivadas da acumulación de varias xubilacións durante o exercicio, así como as previstas nos vindeiros meses, e na procura da mellor organización do persoal municipal para a atención do servizo público.

##### 1.- Secretaria Xeral

1.1 Procedede adscribir a Dna. Debora Suárez Vilas ao posto vacante de Auxiliar Administrativo como consecuencia da xubilación de Dna. Celia Balsa Durán e que modifica a súa denominación de Xefe de Grupo pasando a denominarse Auxiliar Administrativo.

1.2 Procedede modificar a adscripción dun posto de Encargado de Normalización Lingüística actualmente vencellado á Secretaría Xeral e que pasa a estar adscrito á Área de Servizos Culturais/ Cultura. Asemade dito posto de traballo tramitarase na vindeira RPT do orzamento 2021 a súa reconversión nun posto/praza do subgrupo A2.

1.3 Modificar a adscripción dun posto vacante de Auxiliar Administrativo na área de Industria, comercio e turismo / Espazos feirais e comerciais, e actualmente en proceso de selección mediante OEP do ano 2019, que pasa a estar adscrito a Secretaría Xeral.

1.4 Modificar a adscripción dun posto de traballo de Administrativo da área de rendas que pasa a estar adscrito a área de Industria, comercio e turismo / Espazos feirais e comerciais actualmente desempeñado por D. Jesús Quintáns Berride.

##### 2.- Contratación e Patrimonio

2.1 .- Procedede a modificación da adscripción dun posto do subgrupo A1/A2 de Técnico de Administración Xeral (TAX) actualmente vacante na Secretaría Xeral:

- A adscripción orgánica de dito posto quedará encadrada na Secretaría Xeral/ Servizo de Contratación e Patrimonio.
- Se procederá a súa cobertura mediante convocatoria de promoción interna.

2.2.- Procede a modificación da adscrición dun posto de Auxiliar Administrativo actualmente encadrado na Secretaría Xeral que pasa a estar adscrito ao Servizo de Contratación e Patrimonio.

### 3.- RRHH/Persoal

Con relación á área de Persoal e Recursos Humanos, procede adoptar as seguintes medidas organizativas:

3.1.- Modificar a adscrición dun posto de Administrativo (Grupo C, subgrupo C1/C2) actualmente encadrado en Secretaria Xeral que pasa a estar adscrito ao Servizo de Persoal/RRHH.

3.2.- Reflectir a reconversión do posto de Xefe de Negociado de Persoal que se producirá coa xubilación do seu titular e que pasará a ser un posto do técnico medio do subgrupo A2 que terá entre outras funcións as de prevención de riscos laborais.

3.3.- Se modifica a asignación das funcións de xefatura de Servizo de Persoal e RRHH ao actual posto de Técnico de RRHH, que será efectiva coa entrada en vigor do orzamento municipal de 2021.

### 4.- Urbanismo:

Modificar a adscrición dun posto de traballo de Auxiliar Administrativo da área de Servizos Sociais que pasa a estar adscrito a Xerencia de Urbanismo .

### 2.- INTERVENCIÓN

Reforzar o Departamento de Intervención mediante a dotación e cobertura por OEP dunha praza de Técnico de Administración Xeral do subgrupo A1, unha necesidade patente dende o exercicio 2012 debido o progresivo aumento das funcións asignadas os órganos que exercen as funcións de control interno no Sector Público, xa sexa no ámbito interno como de cara o subministro de información a diversos órganos de control externo.

### 3.- SERVIZOS SOCIAIS

A realidade actual derivada da pandemia da COVID-19 está a ter unha importante repercusión no eido social, por elo compre reforzar o persoal na área de Servizos Sociais mediante a creación dun novo posto/ praza de Traballador/a Social e a súa inclusión na OEP que poida reforzar a tramitación e prestación de servizos respecto as diferentes liñas de axudas sociais dispoñibles.

### 4.- OEP

- 1 Prazas de 1 Técnico Medio de Normalización Lingüística (Subgrupo A2)
- 1 Praza de Técnico Administración Xeral subgrupo A1 (Subgrupo A1)
- 1 Praza de Traballador/a Social (Subgrupo A2)

### 5.- PLANIFICACIÓN ESPECIAL DE RRHH

O art. 69 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público (TREBEP) establece que a planificación dos recursos humanos nas administracións públicas terá como obxectivo contribuir á consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles mediante a dimensión axeitada dos seus efectivos, a súa mellor distribución, formación, promoción profesional e mobilidade.

#### A/ Promoción Interna

A Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, introduce importantes cambios nas relacións das administracións con os/as administrados/as a través do uso xeneralizado e obrigatorio das novas tecnoloxías e administración electrónica, coa finalidade de axilizar os procedementos e un pleno funcionamento do procedemento administrativo electrónico e dos documentos/arquivos que deben integralo: rexistro electrónico, arquivo electrónico. Asemade debe considerarse as obrigas derivadas da normativa en materia de transparencia previstas legalmente e contratación telemática e administración electrónica.

Por elo procede adaptar a estrutura de postos de traballo da área de tramitación administrativa aos novos requirimentos normativos, e que doten dunha mellor axilidade na resposta á cidadanía adaptando os postos de traballo existentes a esta realidade polo que se propón un plan especial de ordenación de RRHH previsto no artigo 47 da Lei 2/2015 de 29 de abril de Emprego Público de Galicia: para a convocatoria de 3 prazas do Subgrupo A2, ao efecto de artellar a promoción interna dende postos/prazas de Técnico/a Auxiliar de Administración Especial mediante proceso de promoción interna vertical dirixida ao persoal funcionario de carreira da escala de Administración Especial actualmente do subgrupo C1 do Concello de Vilagarcía de Arousa.



1.1 Urbanismo: Se procederá a convocatoria dun procedemento de promoción interna ao amparo do plan especial de promocións internas para a reclasificación dun posto de Administrativo de Administración xeral do subgrupo C1 que pasará no seu caso a estar configurado como un posto de Técnico Medio de Administración Xeral do subgrupo A2 e a súa cobertura mediante convocatoria de promoción interna.

1.2 Rendas: Se procederá a convocatoria dun procedemento de promoción interna ao amparo do plan especial de promocións internas para a reclasificación dun posto de Auxiliar Administrativo de Administración xeral do subgrupo C2 que pasará no seu caso a estar configurado como un posto de Administrativo de Administración Xeral do subgrupo C1 e a súa cobertura mediante convocatoria de promoción interna.

1.3 Tres prazas de Técnico Auxiliar do Subgrupo C1, a prazas de Técnico Medio do Subgrupo A2.

1.4 Promoción interna postos existentes de servizos exteriores

Tras a xubilación dos seus titulares en anualidades anteriores varios postos de traballo de encargados en servizos exteriores do Concello viñan sendo desempeñados en réxime de comisión de servizos temporal polo que se aprobou no ano 2020 a convocatoria de ditos postos mediante procedemento de promoción interna entre o persoal funcionario de carreira do Concello de Vilagarcía de Arousa, son os seguintes postos, en consecuencia procede continuar con dito proceso de profesionalización do cadro de persoal municipal e aprobar o seguinte cadro de promoción interna para os postos e servizos seguintes considerando asemade a solicitude de incluír a postos do servizo de electricidade que polo seu contido presentan unha especial pericia técnica e coñecementos técnico especializado:

DENOMINACIÓN POSTO	DOT	R.E.	GR	AREA/SERVIZO
OFICIAL ENCARGADO DE MEDIOAMBENTE	1	F	C2/AP	MEDIOAMBENTE
OFICIAL ELECTRICISTA	2	F	C2/AP	ALUMADO PUBLICO

Unha vez concluídos un plan especial de ordenación de RRHH previsto no artigo 47 da Lei 2/2015 de 29 de abril de Emprego Público de Galicia previstos polo plan especial de ordenación de RRHH coa toma de posesión doas/as candidatos/as que a superen procederase á amortización das prazas de resultas e dos postos vencellados a ditas prazas.

## 6.- PLAN DE PENSIONES

Actualmente e logo da recuperación progresiva de anos anteriores a aportación mensual individual municipal é de 33,14€/mes, este é o importe que correspondía no ano 2010 antes da aplicación do Real Decreto- Lei 8/2010 de 20 de maio de medidas extraordinarias para a redución do déficit público.

O acordó de negociación colectiva vixente (Acordo marco e Convenio Colectivo) establece no artigo 71 a obriga de actualización dos importe segundo o IPC, por elo procede actualizar dito importe polo periodo ata decembro do ano 2020, o que supón que aportación individual anual para o ano 2021 sería de 433,08€/ano (36,09€/mes),o que supón un incremento total das achegas respecto ao ano 2020 de 9.805,80€ anuais.

O total do cadro de persoal (Plantilla) ascende a 305 prazas e 3 postos de persoal eventual: (total 308), non se contempla na cifra anterior o persoal que presta servizos ao Concello con carácter temporal en diferentes programas subvencionados por outras administracións:

- Funcionarios de carreira 234
- Persoal laboral 71
- Persoal Eventual 3

Mantense o crédito dotado no grupo de programa 920, para facer fronte ós posibles custos de nomeamentos de funcionarios interinos con cargo a bolsa xenérica co fin de cubrir necesidades urxentes e inaprazables de persoal por acumulación de tarefas, baixas do persoal, necesidades de reforzo en determinados servizos.

En todo caso, ditos nomeamentos deberán axustarse ao disposto na LOXE vixente.

Por outra banda, esta Alcaldía e os concelleiros con dedicación exclusiva percibirán as retribucións que foron aprobadas no pleno organizativo do 27 de xuño do 2020.

Este capítulo, incrementase un 1,28% con respecto ao Orzamento do 2020, representa un 37,02% do total do orzamento pero segue situándose por debaixo do 40% .

## CAPÍTULO II- GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS

En termos comparativos, se produce unha minoración de gastos correntes nun 1,69% con respecto ao Orzamento do exercicio 2020, representando un 36,97% sobre o total do orzamento de gastos, pero esta minoración non se debe a perda de calidade na prestación de servizos ou minoración dos mesmos, de feito o gasto en limpeza de instalacións municipais e outros tipos de servizos e subministros vinculados coas medidas de contención fronte a COVID19 incrementáanse considerablemente; a minoración obedece a criterios de eficiencia na dotacións inicial suprimindo aquelas consignación adicadas a actividades no ámbito do ocio, lecer cultural e deportivo, turismo, festas locais ...etc que debido as restricións das autoridades sanitarias, no exercicio 2021 non va a poder acometerse.

Os gastos recollidos neste capítulo inclúen os diferentes contratos, (renting vehículos, seguros, gastos reparación de vehículos, servizo de limpeza viaria, recollida e tratamento de lixo, mantemento de dominios web, inspección de tributos locais...).

Os gastos recollidos neste capítulo inclúen os diferentes contratos, (renting vehículos, seguros, gastos reparación de vehículos, servizo de limpeza viaria, recollida e tratamento de lixo, mantemento de dominios web, inspección de tributos locais...).

Asimesmo, inclúense neste capítulo os gastos derivados de reparacións, mantemento e arranxos nos bens de titularidade municipal, así como mantementos de equipos, ou a adxudicación de asistencias técnicas como son a xurídica e de enxeñería no programa de Oficina Técnica...etc

Todo elo sen prexuízo de moitas outras licitacións que quedan pendentes tales como teléfono, combustibles e carburantes,.....etc.

A mínima minoración deste capítulo obedece en gran medida a supresión de crédito en programas como Turismo, Actividades Culturais e Festexos, posto que a previsión do Equipo de Goberno é que os efectos negativos derivados da Pandemia para este tipo de actuacións, volvan a producirse no exercicio 2021

O proxecto de orzamento 2021 novamente pode dar cobertura a gastos excepcionais tales como revisións de prezos de contratos de xestión de servizos e expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito, (divisionaria 77).

Se dota no capítulo 2 de gastos os gastos de mantemento e funcionamento das instalacións das Escolas Infantís de Carril, Vilaxoan ao abeiro dos Convenios asinados co Consorcio Galego de Igualdade e Benestar. Se consigna tamén o crédito necesario para facer fronte ao potencial fraccionamento que deberá ser solicitado para a débeda correspondente ao período 2013-2014, (33.618,69€) que é a única cuantificada por esta Intervención posto que non se remitiu información para os restantes exercicios.

Na aplicación 929-22699 mantense crédito á vista do gasto realizado no 2020 para facer fronte a gastos por expedientes de responsabilidade patrimonial, sancións e execucións xudiciais, o que permite levar un control deste tipo de gasto máis exhaustivo ao tempo que evita que este tipo de expedientes consuman o crédito consignado para o mantemento dos servizos municipais básicos.

### CAPÍTULO III. –GASTOS FINANCEIROS

Recolle os xuros e demais gastos derivados de todo tipo de operacións financeiras contraídas pola Entidade, así como os gastos de emisión, formalización e cancelación das mesmas.(Estado da Débeda facilitado pola Tesourería municipal).

Tamén recolle o crédito para comisións financeiras e xuros de demora.

### CAPÍTULO IV- TRANSFERENCIAS CORRENTES

Son os créditos destinados a achegas por parte da Entidade Local sen contraprestación directa dos axentes perceptores e con destino a financiar operacións correntes. Nas bases de Execución do ORZAMENTO recóllense as subvencións nominativas correspondentes ao Capítulo 4 de Gasto a conceder durante o exercicio 2021 sendo o importe total de 263.100,00 €.

Esta área incrementáse nun 8,89% debido principalmente á dotación de crédito para axudas o comercio e hostalaría polas perdas derivadas das restricións impostas para paliar os efectos da COVID19, (200.000,00€).

O resto do incremento obedece a aumento da aportación as cotas da Escola Infantil de Vilagarcía pola gratuidade do 2º fillo así como a lixeiros incrementos na dotacións para becas o estudo.

Seguen a dotarse as aplicacións de axudas de emerxencia de pago único de corrente, e tamén das axudas de lactancia infantil, á vista do informe do Departamento de Servizos Sociais.

Se continua na liña de fomento do transporte público mantendo a dotación de 70.000,00€ que

articúlense mediante a sinatura de convenios.

Mantense a dotación para a subvención a favor da Banda de Música Municipal, da Asociación Protectora de Animais, así como para as Mancomunidades de Montes € para labores de mantemento e desbroce dentro do programa de Medio Ambiente.

Suprímese a dotación na aplicación 4311-452 para facer fronte á transferencia corrente do Concello á fundación FEXDEGA, por importe de 70.000,00€, facendo efectiva a medida recollida no Plan de Acción 2020 relativa a regularizar a situación con dita Fundación e en todo caso en tanto non se regularice optar pola fórmula dun contrato de aluguer.

Mantense unha dotación para programas de axudas a creación de emprego no programa 241.

A aplicación orzamentaria máis significativa segue a ser a correspondente achega a realizar ó Organismo Autónomo Fundación de Deportes que mantense respecto ó 2020.

#### CAPÍTULO V- FONDO DE CONTINXENCIA

Xa dende o exercicio 2017, como consecuencia da cancelación do Plan de Axuste, deixou de ser obrigatorio a consignación inicial dun fondo de continxencia equivalente o 0,5% da total dos gastos non financeiros (Cap. 1, 2 e 4), tal e como establecía o artigo 18.4 do RD 8/2013 , de 28 de xuño; non obstante este equipo de goberno seguiu a dotar de crédito este capítulo co fin de contar sempre cunha marxe de actuación que asegúrase a nosa solvencia fronte a situacións excepcionais.

A pandemia pola COVID19 representa en si mesma una situación de excepcionalidade permanente que obriga a este equipo de goberno a reducir a habitual dotación deste capítulo en aras doutros gastos certos e prioritarios, se ben igualmente consígnase unha pequena contía co fin de atender a necesidades inaprazables de carácter non discrecional para as que non se fixo, en todo ou en parte, a axeitada dotación orzamentaria, dotación que aparecerá consignada na aplicación 929-500.

O funcionamento e natureza deste capítulo e o seu crédito ven regulado na base 31ª das BEO 2021.

#### CAPÍTULO VI- INVERSIÓNS REAIS

O capítulo máis destacado do presente proxecto de orzamento é o capítulo VI, o seu importe ven determinado pola previsión da concertación dunha nova operación de endebedamento a longo prazo por importe de 3.500.000,00€ que financia un 92,32% do Anexo de investimentos.

A porcentaxe restante do Anexo (7,68%), financiada con recursos propios, se destina a diversos investimentos, principalmente ao financiamento da redacción de proxectos de inversión, direccións de obra e coordinacións de seguridade e saúde, (aplicación 150-640), así como o segundo pago do contrato de compra-venta do inmovible do antigo Liceo Casino.

Os créditos orzamentarios para Inversións Reais supoñen o 12,10% do total do Orzamento.

A concertación duna operación de crédito por 3.500.000,00€ para financiar un 92,32% deste capítulo é posible grazas á suspensión dos obxectivos de estabilidade e regra de gasto, e se ben este equipo de goberno decide facer uso desta “dispensa” normativa non é para atender a políticas superfluas se non para cumprir cós compromisos adquiridos así como para dar resposta a necesidades impostas polas circunstancias sobrevidas destes últimos anos.

Se acometen así, investimentos claves como unha nova biblioteca que satisfaga necesidades patentes non soamente do noso termo municipal se non da comarca; un novo centro de Servizos Sociais que atenda a forte demanda actual en condicións de seguridade e calidade para usuarios e persoal municipal, seguir acometendo actuacións en materia de accesibilidade, adquisición de equipamento para garantir a prestación de servizos básicos como a limpeza viaria en condicións de calidade ou o acondicionamento de instalacións deportivas como o pavillón de Fontecarmoa entre outros.

Remítome ao anexo de investimentos no referente ás características de cada inversión.

#### CAPÍTULO VII- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

En relación coas transferencias de capital, suprímese a dotación de crédito para transferencia de capital a favor do organismo autónomo dependente.

Mantense a dotación para a subvención de capital derivada do Convenio de colaboración que cada ano asínase co Padroado da Banda Municipal de Música por importe de 7.500,00€.

Mantense a dotación por 15.000,00€ para actuacións en materia de memoria histórica en bens inmoables que non son propiedade municipal, de aí a súa consignación como transferencia de capital.

Mantense crédito para axudas de emerxencia para gastos hipoteca que se imputarán na aplicación orzamentaria 231-78001.

Destaca a dotación de 75.000,00€ para o acondicionamento dunha instalación propiedade da Autoridade Portuaria, co fin de destinala a usos deportivos náuticos en beneficio de toda a cidadanía, previa sinatura do preceptivo convenio que regule as referidas actuacións, dando así efectividade o acordado polo Pleno en sesión de 27 de setembro de 2018.

Representa un 0,48% sobre o total do orzamento.

#### CAPÍTULO VIII- ACTIVOS FINANCEIROS

En correlación có capítulo 8 de ingresos, recolle ós créditos destinados a concesión de préstamos ó persoal, mantendo o importe do exercicio anterior e representando un 0,48% sobre o total do orzamento.

#### CAPÍTULO IX- PASIVOS FINANCEIROS

Recóllense os gastos que realiza o Concello como consecuencia da amortización de créditos e pasivos financeiros da entidade. A estimación realízase pola Tesourería Municipal sobre a base dos datos facilitados pola diferentes entidades bancarias confeccionando o Estado da Débeda para o 2021.

Este capítulo vese minorado respecto o 2020 nun 21,23% como consecuencia da sucesiva minoración da débeda viva tanto polas amortizacións ordinarias como polas extraordinarias feitas en aplicación do superávit obtido na liquidación do exercicio precedente.

Non se engaden cotas de amortización para a operación proxectada, sendo a primeira amortización no exercicio 2022.

Remítome o Estado da Débeda confeccionado polo Departamento de Tesourería.

#### 2.- ESTADO DE INGRESOS:

CAPITULO	2020	2021	DIFERENZA	PORCENTAXE
Impostos directos	10.588.888,95	10.899.259,62	310.370,67	2,93%
Impostos indirectos	401.359,29	357.359,29	-44.000,00	-10,96%
Taxas e outros ingresos	6.020.485,82	5.510.853,64	-509.632,18	-8,46%
Transferencias correntes	10.844.302,08	10.897.838,22	53.536,14	0,49%
Ingresos patrimoniais	9.963,86	9.689,23	-274,63	-2,76%
INGRESOS CORRENTES	27.865.000,00	27.675.000,00	-190.000,00	-0,68%
Alleamento de inversións reais	0,00	0,00	0,00	0,00%
Transferencia de capital	0,00	0,00	0,00	0,00%
INGRESOS CAPITAL	0,00	0,00	0,00	0,00%
Activos financeiros	150.000,00	150.000,00	0,00	0,00%
Pasivos financeiros	1.700.000,00	3.500.000,00	1.800.000,00	105,88%
TOTAL	29.715.000,00	31.325.000,00	1.610.000,00	5,42%

O Orzamento de ingresos para o exercicio 2021 aumenta un 5,42% con respecto ao Orzamento de ingresos do exercicio 2021. As previsións iniciais do 2020 aumentan 21.610.000,00, de forma que as previsións iniciais para o 2021 son de 31.325.000,00€.

#### CAPÍTULO I- IMPOSTOS DIRECTOS

Neste capítulo recóllense os recursos procedentes dos impostos máis importantes que se xeran no municipio. Comprende o Imposto de Bens Inmóbeis, o Imposto de Actividades Económicas, o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica e o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana, incrementábase en cómputo global nun 2,93% representando un 34,79% do tal do Estado de ingresos.

A elaboración das previsións dos capítulos I a III do estado de ingresos fíxose sobre a base do informe confeccionado pola Tesourería Municipal e que consta no expediente.

O capítulo 1 experimentan un incremento de 310.370,67€ pese a que non se opera ningunha subida fiscal, debido á subida derivada da propia ponencia de valores do IBI e a propia evolución dos impostos que permite paliar dita conxelación impositiva.

#### CAPÍTULO II- IMPOSTOS INDIRECTOS

Este capítulo baseado exclusivamente no ICIO redúcese nun 10,96%, tomando como referencia as previsións da Tesoureira baseadas en criterios de prudencia:

O importe dos DRN neste concepto responde a expedientes con incidencia puntual no exercicio

tomado como referencia que en modo algún poden pasar a adquirir a natureza de estruturais, e non a unha mellora na actividade económica que permita considera-los como estruturais, de feito este exercicio 2021 redúcese porqué non se conta con ingresos por inspección fiscal.

O principio de realismo que debe dirixir as previsións nun proxecto de orzamento e o carácter altamente incerto dos conceptos de ingreso do capítulo 2 así como a súa natureza vinculada estreitamente á actividade económica impón unha estimación prudente e restritiva dos mesmos, e calquera desviación relevante apreciada para estes conceptos de ingresos nos informes de seguimento de execución do orzamento deberá dar lugar ás medidas correctivas que sexan precisas en aras da estabilidade orzamentaria e responsabilidade fiscal e financeira.

#### CAPÍTULO III- TAXAS E OUTROS INGRESOS

Tal e como se establece na Memoria da alcaldía para este exercicio 2021, este é un dos capítulos máis afectados pola incidencia da COVID-19, posto non só non se acomete ningún incremento se non que se conta con minoracións en aqueles conceptos vencellados con actividades culturais, ocio e lecer deportivo...etc

Por outro lado se reduce a previsión de ingresos por ocupación da vía pública con mesas e cadeiras como consecuencia da suspensión para todo o exercicio 2021, da Ordenanza Fiscal reguladora de dita taxa en sesión plenaria de data de 26/11/2020.

Este capítulo orzamentouse en base ao informe da Tesoureira municipal obrante no expediente que ten en conta ditas medidas.

En cómputo global este capítulo experimentan unha minoración do 8,46%, reducíndose en 509.632,18€.

Todas as previsións no Capítulo 3 de Ingresos se adecúan á información remitida polo departamento de Tesourería, agás nos conceptos referidos ao prezo público polo servizo de axuda a domicilio (SAF) e Escola Municipal de Música, así como á taxa do Conservatorio, nos que se tomou como referencia os informes remitidos polos servizos.

#### CAPÍTULO IV- TRANSFERENCIAS CORRENTES

As aplicacións orzamentarias máis importantes son as que corresponden á participación nos tributos do Estado e da Comunidade Autónoma, así como as transferencias correntes desta última destinados ao cofinanciamento de determinados servizos.

Establécese con carácter definitivo, a participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, denominada Fondo de Cooperación Local, estimando para este exercicio a mesma cantidade que para o 2020 en base a derradeira comunicación recibida da Dirección Xeral de Orzamentos da Consellería de Facenda, de 31 de decembro de 2019.

En canto ás subvencións por transferencias correntes estimáronse en base aos últimos compromisos de ingreso, a información facilitada polos diferentes servizos afectados, resolucións de concesión ou ingreso das mesmas nas arcas municipais, e no seu defecto, tomouse como referencia o importe concedido no exercicio anterior, tales como subvencións para sostemento do servizo de Drogodependencia, Servizos Sociais de Base (Plan Concertado), Servizo de Axuda no fogar, Dependencia, Escola Infantil , ADL, Conservatorio, Escola de Música, Aula Cemit.....etc.

Este capítulo mantense practicamente idéntico, experimentando un incremento global do 0,49%.

#### CAPÍTULO V- INGRESOS PATRIMONIAIS

Se consignan unhas previsións de ingresos por xuros das contas correntes operativas do Concello e por cánones de explotación de bens de titularidade municipal practicamente idénticas ao exercicio 2020.

Non se contemplan ingresos procedentes de convenios urbanísticos.

#### CAPÍTULO VI- ALLEACIÓN DE INVERSIÓN REAIS

Non se contempla no presente ORZAMENTO.

#### CAPÍTULO VII- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

As transferencias de capital trátanse de recursos afectados que financian obras incluídas no Anexo de Inversións do ORZAMENTO.

Non se contempla no presente ORZAMENTO.

#### CAPÍTULO VIII- ACTIVOS FINANCEIROS

Recolle os ingresos procedentes dos reintegros de préstamos a conceder ó persoal do Concello pola contía habitual de 150.000,00€.

#### CAPÍTULO IX- PASIVOS FINANCEIROS

Se prevé a concertación dunha operación de crédito afectado o seu Anexo de Investimentos por importe de 3.500.000,00€, ao non atoparnos afectados polas limitacións impostas nesta materia polo TRLRFL 2/2004, pola DF 31ª da Lei 27/2012 de Orzamentos Xerais do Estado 2013, nin artigo 13 da LO 20/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

#### C) BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO.

As Bases de Execución do Orzamento para o exercicio 2021 non sofren apenas modificacións; unicamente destacar as seguintes:

- Modifícanse a base 20ª relativa á execución orzamentaria do gasto en aspectos puramente formais e de exposición.
- Modifícase a base 9ª para especificar que se entende por “mesma finalidade material do gasto”.
- Modifícase a base 12ª para asignarlle un grupo de apuntes contable.
- Modifícase a base 21.4ª para unha regulación máis actualizada da figura do endoso en canto requisitos formais e procedimentais na súa tramitación.
- Modifícase a Base 25ª para relativa a gastos non inventariables, excluindo o IVE no cálculo do límite contitativo para evitar dúbidas interpretativas.
- En base a instrucións da Tesourería Municipal Modifícanse as bases 33ª, 42ª y 45ª para introducir as novidades derivadas da implantación da nova aplicación para a xestión de tributaria.

#### D) TEITO DE GASTO NON FINANCEIRO:

A LOEOSF obriga á aprobación dun teito de gasto non financeiro para cada exercicio.

Para o cálculo do teito de gasto, o artigo 31 da Lei 20/2012 establece:

“1. El Estado, las Comunidades Autónomas y las Corporaciones Locales aprobarán, en sus respectivos ámbitos, un límite máximo de gasto no financiero, coherente con el objetivo de estabilidad presupuestaria y la regla de gasto, que marcará el techo de asignación de recursos de sus Presupuestos.

El límite de gasto no financiero excluirá las transferencias vinculadas a los sistemas de financiación de Comunidades Autónomas y Corporaciones Locales.(...)”.

Como se explica no informa da Intervención Municipal e no inicio da presente Memoria, dende o 20 de outubro de 2020, pese a suspensión dos obxectivos fiscais de estabilidade orzamentaria, sostibilidade financeira e da regra de gasto para o período 2020-2021, segue a resultar necesario aprobar un límite de gasto no financeiro de conformidade có art. 30 da LOEPSF, polo que se aprobará ese teito sen que o mesmo veña limitado ou condicionado pola regra de gasto e unicamente virá limitado polo total de ingresos non financeiros e a nivelación presupostaria do TRLRL, en canto a que os ingresos correntes deben dar cobertura os gastos correntes e os gastos de amortización de débeda.

En definitiva, debe aprobarse igualmente un teito de gasto non financeiro, sen verificar que cumpre có obxectivo de estabilidade nin coa regra del gasto.

O teito de gasto non financeiro consolidado para o 2021, dentro do límite dos INGRESOS NON FINANCEIROS e coherente có principio de nivelación orzamentaria e ascende a 27.798.895,00€:

VERIFICACION PPIO NIVELACION	
cap1+2+3+4+9 GASTOS	27.194.340,94
TOTAL INGRESOS CORRENTES	27.769.895,00
TOTAL INGRESOS NON Fº	27.798.895,00
TEITO DE GASTO NON FINACEIRO 2021	27.798.895,00

#### CONCLUSIÓNS:

Conscientes da grave situación actual, tanto a nivel europeo como nacional créase “ad hoc” un escenario normativo que permítenos elaborar uns orzamentos que conxugan o crecemento có benestar social nuns tempos de pandemia e incertidumbre.

Séguese na liña dos orzamentos de anos anteriores, pero asumindo novos compromisos e retos impostos pola situación de emerxencia sanitaria.

Se segue a blindar a vertente social da nosa xestión mediante o incremento das dotacións para axudas, becas e subvencións nominativas, así como para a prestacións de servizos no ámbito do benestar social, igualdade.

Presentamos uns Orzamentos para o exercicio 2021 solidario coa situación económica actual, no que se renuncia a actualizacións fiscais e o gravamen de feitos impositivos relacionados con actividades seriamente afectadas polas restricións sanitarias, compensando a merma dos ingresos nas arcas municipais coa minoración de créditos habitualmente dotados para gastos que hoxe en día deben verse como prescindibles ou dedicados a actividades que será materialmente imposible levar a cabo.

Nesta liña, o pequeno incremento que experimentan as nosas previsións de ingresos para o 2021 destínase por completo a financiar novos gastos impostos polo COVID19 que están esixindo un gran esforzo económico, tales como limpeza e desinfección de instalacións e infraestruturas municipais, subministros de produtos de hixiene e desinfección, reforzo dos servizos de proximidade, das liñas de axudas de emerxencia social...etc.

O proxecto de orzamento 2021 recolle unhas previsións de ingresos correntes reais e prudentes, suficientes para a cobertura os gastos máis esenciais, sendo imprescindible acudir o endebedamento financeiro para poder acometer investimentos que non poden seguir esperando. Trátase dun orzamento equilibrado e sostible en beneficio do interese xeral e do conxunto da cidadanía do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Máis que nunca as administracións públicas deben estar á altura das circunstancias, con estes Orzamentos presentamos unhas contas históricas coas que esperamos contribuir á reconstrución social e económica para superar a crise do COVID-19.

En base ao exposto propoño ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. A aprobación do Orzamento Municipal Consolidado para o exercicio 2021 que ascende a 31.389.955,00 euros no Estado de Ingresos e 31.389.955,00 euros no Estado de Gastos, e que engade una operación de préstamo a longo prazo por importe de 3.500.000,00€.
2. Aprobación do Teito de Gasto non Financeiro para o exercicio 2021, que ascende en termos consolidados a 27.798.895,00€.
3. Aprobar o Cadro de Persoal (Plantilla) e a Relación de Postos de Traballo deste Concello, coas súas retribucións para o ano 2021, que se unen como anexo a esta proposta e na que figuran as modificacións expostas, así como a modificación da asignación das funcións de xefatura de Servizo de Persoal e RRHH ao actual posto de Técnico de RRHH, que será efectiva coa entrada en vigor do orzamento municipal de 2021.
4. Autorizar a inclusión da Oferta de Emprego Público para o ano 2021 das seguintes prazas no cadro de persoal municipal:
  - 1 Praza de 1 Técnico Medio de Normalización Lingüística Subgrupo A2 (OEP 2021)
  - 1 Praza de Técnico Administración Xeral Subgrupo A1 (OEP 2021).
  - 1 Praza de Traballador/a Social Subgrupo A2 (OEP 2021).
5. Acordar a reserva para a quenda de promoción interna de:
  - 2 Praza de Técnico Medio de Administración Xeral (Grupo A/Subgrupo A2).
  - 3 Prazas de Técnico Medio de Administración Especial (Grupo A/ Subgrupo A2).
  - 1 Praza de Administrativo de Administración Xeral.
  - 1 praza de Oficial Medioambiente. (Encargado do servizo).
  - 2 prazas de Oficial electricista.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

**VOTACIÓN:**

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

A persoa representante do grupo municipal de Ciudadanos informa desfavorablemente e solicita que se retire este asunto da orde do día da sesión.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do Orzamento Municipal

consolidado do Concello e da FPSDM para o exercicio 2021, anexo de investimentos, teito de gasto non financeiro, así como o cadro de persoal, relación de postos de traballo, convocatoria de procedementos de promoción interna e oferta de emprego público.

Unha vez efectuada a rolda de intervencións ausentanse das sesión os/as Concelleiros/as dos grupos políticos municipais do PP, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (12 de 21)

ACÓRDASE:

1. A aprobación do Orzamento Municipal Consolidado para o exercicio 2021 que ascende a 31.389.955,00 euros no Estado de Ingresos e 31.389.955,00 euros no Estado de Gastos, e que engade una operación de préstamo a longo prazo por importe de 3.500.000,00€.
2. Aprobación do Teito de Gasto non Financeiro para o exercicio 2021, que ascende en termos consolidados a 27.798.895,00€.
3. Aprobar o Cadro de Persoal (Plantilla) e a Relación de Postos de Traballo deste Concello, coas súas retribucións para o ano 2021, que se unen como anexo a esta proposta e na que figuran as modificacións expostas, así como a modificación da asignación das funcións de xefatura de Servizo de Persoal e RRHH ao actual posto de Técnico de RRHH, que será efectiva coa entrada en vigor do orzamento municipal de 2021.
4. Autorizar a inclusión da Oferta de Emprego Público para o ano 2021 das seguintes prazas no cadro de persoal municipal:
  - 1 Praza de 1 Técnico Medio de Normalización Lingüística Subgrupo A2 (OEP 2021)
  - 1 Praza de Técnico Administración Xeral Subgrupo A1 (OEP 2021).
  - 1 Praza de Traballador/a Social Subgrupo A2 (OEP 2021).
5. Acordar a reserva para a quenda de promoción interna de:
  - 2 Praza de Técnico Medio de Administración Xeral (Grupo A/Subgrupo A2).
  - 3 Prazas de Técnico Medio de Administración Especial (Grupo A/ Subgrupo A2).
  - 1 Praza de Administrativo de Administración Xeral.
  - 1 praza de Oficial Medioambiente. (Encargado do servizo).
  - 2 prazas de Oficial electricista.

Despois da votación do asunto incorporanse á sesión os/as Concelleiros/as dos grupos políticos municipais do PP, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210225&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **6.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:**

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de



abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non figura presentada ningunha solicitude de participación cidadá.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210225&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**7- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO MANIFESTO DO CONSELLO LOCAL DA MULLER CON MOTIVO DO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES.** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 25 de febreiro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta do Manifesto do Consello Local da Muller, do seguinte teor:

### **Manifesto 8M Consello Local da Muller – Vilagarcía de Arousa 2021**

O 2021 tráenos un 8 de marzo un pouco distinto marcado, como todo o que facemos, pola situación sanitaria. A pesar disto as mulleres seguimos estando aquí, como cada 8 de marzo e como cada día. E novamente queremos aproveitar esta data para celebrarmos e reivindicar a vixencia e vitalidade de cada unha das nosas loitas, porque todas elas teñen como obxectivo contribuír cara unha sociedade máis xusta, máis democrática, máis humanizada.

Unha vez mais a reivindicación central do 8M xira en torno aos coidados. Plataformas feministas e sindicatos de todo o estado convocan unha folga que axude a visibilizar que SEN COIDADOS NON HAI VIDA. Esta frase non é unha mensaxe vistosa para unha manifestación ou para un panfleto, é mais ben unha síntese rápida e sinxela do papel que os coidados representan social e economicamente. Papel que neste pasado ano púxose irrefutablemente de manifesto como consecuencia da pandemia.

A situación provocada pola emerxencia e alarma sanitaria da COVID 19, que modificou as nosas vidas de xeito implacable confinándonos nas casas e paralizano a economía, desvelou a importancia de todo aquilo que non pode parar ó ser imprescindible e necesario para o mantemento da vida. Os traballos e tarefas correspondentes á esfera dos coidados foron parte moi significativa da actividade remunerada e non remunerada que non se puido deter, porque a vida continua aínda que a economía desapareza ...facendo real e tanxible o que tantas veces dicimos as mulleres, SEN COIDADOS PÁRASE O MUNDO.

Non obstante, e a pesares da vital importancia dos coidados, que todos e todas fomos quen de apreciar nestes meses, é necesario poñer o foco en que son principalmente as mulleres as que desenvolven estas tarefas e traballos, traballos precarios e mal remunerados na economía formal e pouco ou nada compartidos nin valorados na informal.

- O tempo dedicado aos coidados non remunerados en España ascende a 130 millóns de horas anuais.
- Os coidados non remunerados realizados por mulleres representarían, de ser tidos en conta, o 26,2% do PIB, unha porcentaxe similar ao do sector industrial.
- O 77% das mulleres, segundo INE desenvolven tarefas domésticas cada día fronte ao 32,9% dos homes.
- As mulleres encárganse do coidados de persoas maiores e /ou con discapacidade nun 84% dos casos.
- Máis do 80% das persoas que solicitan excedencias por coidado de dependentes menores ou maiores, son mulleres.

- Mais do 60% das persoas que menos cobran por xubilación son mulleres , cunha media mensual de 300? menos que os homes. A mais case o 80% das persoas beneficiarias de pensións non contributivas tamén son mulleres. Todo isto despois de ter traballado na casa, na economía informal ou en empregos precarios toda a vida.
- Durante esta pandemia o peche de recursos destinados a compatibilizar a vida laboral cos coidados da familia xunto co traballo a distancia obrigou a moitas mulleres a asumir as súas xornadas laborais, máis a educación das crianzas e as tarefas domésticas e de coidados, en xornadas interminables.

Por todo iso dende o CLM

- Consideramos que xa está ben de manter oculta a importancia dos coidados para o benestar social, persoal e económico. Os coidados son un piar sobre o que se levanta o mundo cada mañá, darlles valor e facelos visibles é ineludible. Coidar e ser coidados expresa a vulnerabilidade e interdependencia das persoas, que precisamos de coidados ao longo de toda a nosa vida.
- Consideramos que o carácter de esencialidade co que se dotou a determinados traballos desenvolvidos maioritariamente por mulleres (sanidade, limpeza, atención a domicilio, empregos domésticos..) debe axudar nun recoñecemento que revirta nunha mellora das súas condicións laborais.
- As mulleres NON queremos seguir asumindo a dobre e tripla carga que supoñen as tarefas na nosa vida privada, nin a precariedade laboral e económica que implican estes traballos, queremos un sistema, unha sociedade que se responsabilice do benestar da cidadanía.
- Queremos uns servizos públicos de calidade, que saian fortalecidos desta pandemia, que amplíen e afonden na prestación de servizos de coidados, para superar as desigualdade entre homes e mulleres neste eido e para garantir o dereito das persoas a afrontar en condicións dignas as situacións de vulnerabilidade ás que a vida nos enfrenta.
- Consideramos que é necesario xa, un cambio económico e cultural que aborde as necesidades de coidados dende a corresponsabilidade social dos homes, das institucións das empresas e do estado. Por que estamos convencidas que a incorporación da ética do coidado á sociedade, á política e a economía é un antídoto contra a violencia “é difícil destruír o que se coida” e axudaranos a saír desta crise colectiva e solidariamente.

O Consello Local da Muller solicita ao Pleno do Concello que asuma este Manifesto como propio e participe da súa lectura no acto que se decida, consonte as restricións, o vindeiro 8M.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE , Vilagarcía en Común e Ciudadanos informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP e Podemos-Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do Manifesto do 8 de marzo do Consello Local da Muller.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar o Manifesto do 8 de marzo do Consello Local da Muller transcrito anteriormente.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210225&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

- Polo Sr. Alcalde indícase que se procede a continuación ao debate conxunto das mocións que figuran cos números 8, 9 e 10 da orde do día, procedendo á súa votación por separado.

## **8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP CON MOTIVO DO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER.**

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 25 de febreiro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 16 de febreiro de 2021, do seguinte teor:

### **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR CON MOTIVO DO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER**

O Grupo Municipal Popular no Concello de Vilagarcía de Arousa de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de MOCIÓN:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A incorporación das mulleres ao mercado laboral, a permanencia no emprego e as súas condicións de traballo aínda están lonxe de producirse en condicións de igualdade.

As estatísticas seguen a revelar unha realidade desigual nas retribucións salariais, na promoción profesional, no acceso a sectores e ámbitos aínda fortemente masculinizados, así como tamén na presenza nas esferas de decisión.

O impacto de xénero da covid-19, ou como a crise ocasionada pola covid-19 lle afecta de xeito diferente a mulleres e a homes ten sido analizado por distintos organismos, internacionais, nacionais e tamén autonómicos, como a OIT, a ONU, a OCDE, a UE, o IMIO, a Universidade de Vigo e a Consellería de Emprego e Igualdade, entre moitos outros. Todos coinciden en sinalar que a tripla dimensión desta crise, sanitaria, social e económica, ten unha repercusión diferente entre homes e mulleres e que a resposta á crise debe incorporar o enfoque de xénero para que non se incrementen as desigualdades xa existentes.

Destacan todos os informes o rol das mulleres na xestión da pandemia. Segundo a ONU, as mulleres desempeñan un papel imprescindible na loita contra a covid-19: como principais coidadoras nos fogares, nas redes familiares e os espazos comunitarios, traballadoras e profesionais no sector da saúde, sobre representadas nos servizos de limpeza, traballadoras domésticas e en servizos básicos (como supermercados e farmacias). As tarefas de coidado dentro dos fogares están a recaer maioritariamente nas mulleres, que, polo xeral, teñen a responsabilidade de atender a familiares enfermos, persoas maiores e dependentes e nenos e nenas.

Indica o IMIO a nivel nacional, que as mulleres seguen realizando a maior parte do traballo doméstico e de coidado de persoas dependentes, remunerado e non remunerado, asumindo tamén unha maior carga mental derivada da mesma.

Un dos grandes retos é a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a corresponsabilidade no ámbito doméstico e familiar. A desigual repartición das responsabilidades familiares e das tarefas do fogar constitúe un dos principais obstáculos para que a participación, a permanencia e a promoción das mulleres na esfera laboral se produza de forma plena.

É indubidable que a plena igualdade no ámbito laboral só será posible se existe unha asunción equitativa do traballo doméstico e de coidados no ámbito do fogar. Temos que apostar por un modelo de sociedade corresponsable no que homes e mulleres compartan de maneira equilibrada responsabilidades domésticas e familiares, no marco do necesario cambio cultural en torno aos usos do tempo.

É necesario impulsar a concienciación do conxunto da sociedade en favor dunha organización social corresponsable e de horarios máis racionais, así como reforzar os recursos destinados á

conciliación da vida laboral, persoal e familiar.

As empresas, pola súa banda, introducen de xeito voluntario no seu ordenamento interno cada vez en maior medida plans de igualdade con apartados específicos dedicados ás medidas de conciliación. O xeito de facelo de xeito voluntario é un claro indicador da vontade de traballar en prol da igualdade pero tamén da asunción dos efectos positivos destas medidas sobre o propio clima laboral da empresa e sobre os seus resultados

Outra importante transformación que é estrutural, e que será tamén imprescindible de cara a conseguir a conciliación real, é o cambio na xestión global dos tempos. Isto pasa por facer fronte ao necesario debate da racionalización horaria a nivel global, buscando un novo pacto social de xestión racional e xusta dos tempos entre a cidadanía, o ámbito da empresa privada e a administración.

As medidas tanto de conciliación como de racionalización horaria teñen sen dúbida efectos moi positivos sobre a calidade do emprego e o benestar social. Nun paso máis alá, está demostrado que as políticas de igualdade e nomeadamente as medidas de

conciliación poden ser un importante alento ás políticas demográficas: sen conciliación e corresponsabilidade non hai posibilidades de desenvolver políticas demográficas sustentables e realistas.

Se un dos camiños que conducen ao emprego de calidade e ao benestar social son as políticas de conciliación, outro non menos importante é o da formación e o coñecemento. Precisamente pola inxusta distribución da responsabilidade da conciliación, moitas mulleres viron e aínda ven dificultada a súa inserción no mercado laboral e tamén as súas posibilidades de formación e desenvolvemento.

É fundamental seguir apoiando o liderado feminino e a presenza das mulleres en todas as esferas da sociedade, incluíndo os postos de decisión e influencia, á vez que cómpre seguir traballando para derrubar os obstáculos que dificultan a incorporación en condicións de igualdade e a promoción profesional das mulleres en ámbitos como o da ciencia. Para iso, ademais da aplicación de políticas específicas, resulta imprescindible seguir traballando para eliminar os estereotipos e roles que sustentan a desigualdade de xénero.

A manifestación máis cruel e da desigualdade existente entre mulleres e homes no mundo é a violencia de xénero.

A eliminación da violencia contra as mulleres é un reto de toda a sociedade, unha tarefa conxunta que require unha actuación unitaria e a máxima coordinación, colaboración e cooperación.

Para iso necesítase un consenso institucional, político e social que mostre, sen fisuras, o compromiso de todas as institucións coa sociedade para alcanzar os acordos que permitan avanzar na erradicación da violencia contra as mulleres.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Vilagarcía de Arousa presenta a seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDOS

1.-O O Concello de Vilagarcía de Arousa insta ao Goberno do Estado a:

- A aprobación da Lei de Igualdade Salarial para rematar coa fenda salarial de xénero entre homes e mulleres. E mentras non estea aprobada se incremente e dote de recursos suficientes á inspección laboral co fin de perseguir calquera discriminación que por razón de xénero se produza no ámbito laboral.

- A modificación e actualización da Lei de Conciliación e Corresponsabilidade de 1999 tendo en conta a nova realidade demográfica, a racionalización horaria e favorecendo a compatibilidade do traballo coa vida persoal e familiar.

2. O O Concello de Vilagarcía de Arousa insta á Xunta de Galicia a:

- Fomentar, en colaboración coas entidades locais, medidas e programas de conciliación e corresponsabilidade nos que se incorporen a perspectiva de xénero.

- Fomentar, en colaboración coas organizacións sindicais e empresariais, e dentro do marco do Diálogo Social, a aprobación de novas medidas que alenten a corresponsabilidade e a conciliación, a través de Plans específicos, incentivando no ámbito laboral novas modalidades de traballo flexibles, promovendo que estas se desenvolvan tamén polos homes, e artellando medidas que garantan a compatibilidade entre teletraballo e conciliación, así como o desenvolvemento de programas de inserción laboral dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero.

- Realizar un Plan de sensibilización e concienciación do conxunto da sociedade en favor dunha organización social corresponsable e de horarios máis racionais.
- Ter en conta na elaboración de calquera medida a denominada “interseccionalidade”, en virtude da cal algúns sectores da sociedade, como as mulleres anciás, as mulleres con diversidade funcional, as mulleres pertencentes ao colectivo LGBTI e a minorías étnicas e inmigrantes, son particularmente vulnerables ao virus e ás súas consecuencias.

3. O goberno municipal adopte as seguintes medidas:

- Fomentar, en colaboración cos axentes sociais locais, medidas e programas de conciliación e corresponsabilidade nos que se incorporen a perspectiva de xénero.
- Realizar un Plan de Sensibilización Municipal de concienciación do conxunto da sociedade en favor dunha organización social corresponsable e de horarios máis racionais.
- Ter en conta na elaboración de calquera medida municipal, en calquera dos seus ámbitos competenciais, a denominada “interseccionalidade”, en virtude da cal algúns sectores da sociedade, como as mulleres anciás, as mulleres con diversidade funcional, as mulleres pertencentes ao colectivo LGBTI e a minorías étnicas e inmigrantes, son especialmente vulnerables ao virus e ás súas consecuencias.

En Vilagarcía, a 15 de febreiro de 2021

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP con motivo do 8 de marzo, Día Internacional da Muller.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e,

1.-Instar ao Goberno do Estado a:

- A aprobación da Lei de Igualdade Salarial para rematar coa fenda salarial de xénero entre homes e mulleres. E mentras non estea aprobada se incremente e dote de recursos suficientes á inspección laboral co fin de perseguir calquera discriminación que por razón de xénero se produza no ámbito laboral.

- A modificación e actualización da Lei de Conciliación e Corresponsabilidade de 1999 tendo en conta a nova realidade demográfica, a racionalización horaria e favorecendo a compatibilidade do traballo coa vida persoal e familiar.

2. Instar á Xunta de Galicia a:

- Fomentar, en colaboración coas entidades locais, medidas e programas de conciliación e corresponsabilidade nos que se incorporen a perspectiva de xénero.

- Fomentar, en colaboración coas organizacións sindicais e empresariais, e dentro do marco do Diálogo Social, a aprobación de novas medidas que alenten a corresponsabilidade e a conciliación, a través de Plans específicos, incentivando no ámbito laboral novas modalidades de traballo flexibles, promovendo que estas se desenvolvan tamén polos homes, e artellando medidas que garantan a compatibilidade entre teletraballo e conciliación, así como o desenvolvemento de programas de inserción

laboral dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero.

- Realizar un Plan de sensibilización e concienciación do conxunto da sociedade en favor dunha organización social corresponsable e de horarios máis racionais.

- Ter en conta na elaboración de calquera medida a denominada “interseccionalidade”, en virtude da cal algúns sectores da sociedade, como as mulleres anciás, as mulleres con diversidade funcional, as mulleres pertencentes ao colectivo LGBTI e a minorías étnicas e inmigrantes, son particularmente vulnerables ao virus e ás súas consecuencias.

### 3. Adoptar as seguintes medidas:

- Fomentar, en colaboración cos axentes sociais locais, medidas e programas de conciliación e corresponsabilidade nos que se incorporen a perspectiva de xénero.
- Realizar un Plan de Sensibilización Municipal de concienciación do conxunto da sociedade en favor dunha organización social corresponsable e de horarios máis racionais.
- Ter en conta na elaboración de calquera medida municipal, en calquera dos seus ámbitos competenciais, a denominada “interseccionalidade”, en virtude da cal algúns sectores da sociedade, como as mulleres anciás, as mulleres con diversidade funcional, as mulleres pertencentes ao colectivo LGBTI e a minorías étnicas e inmigrantes, son especialmente vulnerables ao virus e ás súas consecuencias.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210225&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG SOBRE AS MOBILIZACIÓNS FEMINISTAS DO 8 DE MARZO.** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 25 de febreiro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 16 de febreiro de 2021, do seguinte teor:

Moción sobre as mobilizacións feministas do 8 de Marzo

O grupo municipal do BNG presenta a seguinte moción para o seu debate no pleno.

Exposición de motivos:

Este 8 de marzo de 2021 as mulleres facemos folga en Galiza porque se algo demostrou a pandemia da covid-19 e esta crise sen precedentes é a importancia da nosa forza para soste-lo presente, pero tamén a profunda desigualdade do sistema económico e social, que debe ser contestado e transformado a través da mobilización e do feminismo.

A pandemia fixo visíbel o papel esencial das mulleres para o sostemento da vida e aqueles traballos esenciais para a sociedade. Estes empregos están ocupados maioritariamente por mulleres e son, ademais, os máis precarios e invisibilizados, moitos deles mesmo sen cobertura legal. As caixeiras, as limpadoras, as traballadoras domésticas, as coidadoras de diferentes ámbitos, as sanitarias, etc foron visíbeis no comezo desta crise e aparentemente recoñecidas social e institucionalmente. Porén, un ano despois as súas condicións laborais, económicas e sociais non melloraron, senón ao contrario. Hoxe estes sectores sofren un maior impacto pola precariedade das súas condicións, a carencia dun sistema público de servizos básicos forte e a falta de medidas por parte da Xunta e do goberno central, que se poñen de perfil aliñándose cun sistema patriarcal e inxusto.

A crise da covid-19 deixou en Galiza unha destrución de 21.000 empregos dos que 15.900 estaban ocupados por mulleres. Así mesmo, a fenda salarial malia ser ilegal continúa a superar o 20% e ten tamén o seu correlato na fenda das pensións, cobrando as pensionistas galegas unha media de 300 euros menos. Unha situación agravada por esta crise, que continuará empeorando de non tomarse medidas contundentes encamiñadas a que a reactivación económica e social non se desenvolva a costa das mulleres, un camiño para o que é imprescindible a dignificación do marco laboral coa derogación total das reformas laborais de 2010 e 2012 e das reformas das pensións de 2011 e 2013.

Na Galiza pre-covid de hai un ano o feminismo galego coidados non hai vida” e a pandemia demostrou situación non mellorou e hoxe son máis as mulleres precarizadas e as que tiveron que asumir de balde traballos de coidado que deberan estar cubertos polos servizos públicos. A actual crise ten un impacto enorme en sectores amplamente feminizados (coidados, servizos, comercio, sanidade, alimentación...) e foron os sectores protagonizados por mulleres os que máis riscos asumiron respecto da súa propia saúde pola falta de medidas. Así mesmo, a violencia contra as mulleres segue presente e hai un enorme retroceso na súa visibilidade, ademais de

enormes dificultades para romper coa espiral de violencia derivadas das restricións sanitarias e das dificultades para acceder a servizos e ter contacto social.

O feminismo galego impulsou no noso país unha resposta social sen precedentes que inzou as rúas os 8 de marzo dos anos anteriores, precedidas de históricas mobilizacións nacionais en Verín, Lugo, Vigo e Santiago de Compostela desde que no ano 2017 se fixeron as primeiras convocatorias de apoio á folga internacional, emanada de Latinoamérica. Neste 2021, por circunstancias sanitarias, as mobilizacións serán necesariamente locais ou comarcais e máis reducidas, pero coa mesma fortaleza e contundencia. Por estes motivos, desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que corresponde ás institucións escoitar e recoñecer os debates que o feminismo galego está a colocar na axenda social e comprometer os nosos esforzos en corrixir as desigualdades que se agravan na Galiza de 2021.

Cómpre dar unha forte resposta a esta situación. Non podemos permitir que a pandemia sexa a coartada para conxelar avances sociais nin para retroceder nos nosos dereitos. Esta crise non a imos pagar as mulleres. Hoxe, as que sostemos o presente imos saír ás rúas e facer folga para cambiar o futuro, para construír un futuro de igualdade, liberdade e feminismo.

Por todo o exposto o Pleno do Concello Acorda:

1. Expresar e recoñecer as convocatorias do feminismo galego autoorganizado que neste 2021 colocan no centro do debate os coidados e as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político no que vivimos, agravadas polo impacto da pandemia da covid-19 ,que demostrou como a vida non podería sosterse sen coidados que se desenvolven en moitas ocasións de forma gratuíta ou a través da precarización de moitas mulleres, e expresar o compromiso desta corporación para traballar contribuíndo a superar esta situación.
2. Demandar do goberno central o aumento dos recursos destinados á inspección laboral e a súa transferencia á Comunidade autónoma galega. E da Xunta de Galiza o impulso da creación dun corpo específico de inspección laboral que teña competencia para realizar inspeccións aleatorias para testar a existencia ou non de discriminacións por razón de xénero.
3. Instar á Xunta de Galiza a asumir as súas competencias en materia de atención á dependencia. Mentres tanto, e en canto estas competencias sexan exercidas nunha parte fundamental polos concellos galegos, incrementar nomeadamente o financiamento que achega ao sostemento do Servizo de Axuda no Fogar para cubrir o custe real da prestación do servizo así como a modificación da actual normativa para que as empresas que vulneren os dereitos laborais e salariais das traballadoras non poidan concorrer aos procesos de licitación.

Vilagarcía de Arousa, 16 de febreiro de 2017

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

**VOTACIÓN:**

A persoa representante do grupo municipal de Vilagarcía en Común informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG sobre as mobilizacións feministas do 8 de marzo.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

**VOTACIÓN.-** Con quince votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), Vilagarcía en Común (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1), e cinco votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (5),

**ACÓRDASE:** Por maioría aprobar amoción presentada polo grupo político municipal do BNG

sobre as mobilizacións feministas do 8 de marzo e,

1. Expresar e recoñecer as convocatorias do feminismo galego autoorganizado que neste 2021 colocan no centro do debate os coidados e as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político no que vivimos, agravadas polo impacto da pandemia da covid-19 ,que demostrou como a vida non podería sosterse sen coidados que se desenvolven en moitas ocasións de forma gratuíta ou a través da precarización de moitas mulleres, e expresar o compromiso desta corporación para traballar contribuíndo a superar esta situación.
2. Demandar do goberno central o aumento dos recursos destinados á inspección laboral e a súa transferencia á Comunidade autónoma galega. E da Xunta de Galiza o impulso da creación dun corpo específico de inspección laboral que teña competencia para realizar inspeccións aleatorias para testar a existencia ou non de discriminacións por razón de xénero.
3. Instar á Xunta de Galiza a asumir as súas competencias en materia de atención á dependencia. Mentres tanto, e en canto estas competencias sexan exercidas nunha parte fundamental polos concellos galegos, incrementar nomeadamente o financiamento que chega ao sostemento do Servizo de Axuda no Fogar para cubrir o custe real da prestación do servizo así como a modificación da actual normativa para que as empresas que vulneren os dereitos laborais e salariais das traballadoras non poidan concorrer aos procesos de licitación.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210225&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA EN COMÚN PARA ABORDAR A CRISE DA COVID-19 CON PERSPECTIVA DE XÉNERO:** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 25 de febreiro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común coa data de 16 de febreiro de 2021, do seguinte teor:

Jesús López Rodríguez, voceiro do Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, a seguinte:

**MOCIÓN PARA ABORDAR A CRISE DA COVID CON PERSPECTIVA DE XÉNERO**

8 de marzo de 2021

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O 8 de marzo, o Día Internacional da Muller Traballadora, tamén chamado Día Internacional da Muller, reivindica e visibiliza a loita das mulleres polos seus dereitos, participación e recoñecemento, en pé de igualdade cos homes, na sociedade e no seu desenvolvemento íntegro como persoa.

Este ano, a pandemia COVID-19 puxo de manifesto a precariedade estrutural do noso sistema despois de anos de políticas neoliberais. Estamos ante unha situación de crise social e económica e non podemos permitir unha resposta sen unha perspectiva de xénero que acentúe as desigualdades que viven as mulleres. Non debemos afrontar esta crise como a do 2008 con austeridade e recortes, senón máis ben centrarnos na reconstrución da esfera pública e nunha loita contra a precariedade, a falta de dereitos e as desigualdades que viven as mulleres na nosa diversidade.

Durante este período, as mulleres foron as protagonistas, tanto no eido sanitario, sendo a gran maioría das traballadoras, como no coidado, asumindo unha maior carga de traballo no fogar. As



mulleres realizan unha parte moi importante dos traballos esenciais e estes traballos son fundamentalmente precarios.

Segundo os datos da Enquisa de Poboación Activa (EPA), as mulleres representan o 85% do persoal que traballa en fogares para persoas maiores e dependentes, onde se produciron as peores cifras de falecemento. Tamén son a maioría noutros servizos esenciais como comercio e alimentación, limpeza e representan practicamente a todos os empregados do fogar de coidados. Todos eles traballos feminizados e precarios.

A isto súmase a distribución desigual das tarefas asistenciais. O 70% destas tarefas lévanas a cabo mulleres, ás que moitas engadiron o teletraballo, o coidado e o apoio á xente na casa, unha sobrecarga de traballo á que non se respondeu con mecanismos de corresponsabilidade de todas as áreas: administracións, empresas e fogares. Especialmente afectadas son as familias monomarentais, das cales oito de cada dez están dirixidas por unha muller.

Ambos os elementos traballan xuntos para establecer un terreo pegajoso que dificulta ás mulleres o desenvolvemento do seu proxecto de vida e as bases da brecha salarial pola que traballan as mulleres sen pagar 51 días ao ano en comparación cos homes. A longo prazo, esta brecha salarial afecta ás súas pensións. Ademais, sofren un maior risco de pobreza e exclusión social que os homes, establecéndose especialmente en fogares monomarentais.

Por último, calcúlase que a crise económica causada pola pandemia tamén afectará máis ás mulleres xa que non debemos esquecer que temos unha taxa de paro máis alta e que isto se acentúa entre os mozos.

Ante esta situación, elaboráronse pactos para a recuperación económica en todos os niveis da administración para influír e compensar os efectos da pandemia. Pero non se incluíu a perspectiva de xénero, o que impediría un descenso dos dereitos adquiridos, xa que nas crises anteriores houbo un aumento das desigualdades e un reforzo da discriminación.

A maioría das mulleres atópanse nas posicións máis precarias e vulnerables, nos aspectos laborais e sociais, e se non levamos a cabo políticas que sitúen a protección das persoas no centro, sufrirán peores consecuencias. Un claro exemplo é o IMV que se tivo que reformular para permitir o acceso ás familias monomarentais.

A desigualdade que denuncia o feminismo é estrutural e global, establecida e sostida polo sistema capitalista e patriarcal cuxo obxectivo é obter beneficios e privilexios para uns poucos a costa das persoas máis vulnerables e oprimidas, que acaban sendo mulleres en toda a súa diversidade. (migrantes, racializados, trans, con diversidade funcional, mozos e vellos).

Por iso é inevitable falar da redistribución da riqueza a través dun sistema tributario xusto que permita cubrir as necesidades sociais e neste sentido reivindicar a iniciativa de liberar patentes para as vacinas e evitar así facer un negocio fóra da pandemia e axilizar a inmunidade de toda a poboación. Necesitamos un cambio de lóxica que sitúe o coidado no centro, as necesidades das persoas como prioridades e que desprace a lucro como único motor da sociedade.

Este 8M o movemento feminista traballa para ocupar o espazo público doutro xeito, para visibilizar os efectos da pandemia na vida das mulleres.

O neoliberalismo promoveu un modelo de atención comercializado e de baixo custo que sitúa unha gran parte do que se debería coidar a través dos servizos públicos e a corresponsabilidade dos homes recae nas mulleres. Isto require reforzar as políticas e leis públicas sobre dependencia e servizos sociais privatizados, comercializados e individualizados, xerando unha gran precariedade no centro da reprodución da vida. Un claro exemplo disto foron as residencias de maiores que precisan unha profunda reestruturación para garantir unha atención de calidade e mellorar as condicións laborais das persoas, na súa maioría mulleres, que traballan nelas.

Pero tamén recursos públicos de conciliación que se adapten ás necesidades das familias e ao seguimento do Plan Me Cuida para que non implique afondar na asunción do coidado só por parte das mulleres.

As mulleres migrantes son relegadas e obrigadas aos traballos máis precarios e ao mesmo tempo aos máis esenciais, como o traballo doméstico e de coidados ou a recollida de froita.

Todo este sufrimento de negación de dereitos, abusos laborais e situacións de violencia machista que teñen que deixar invisibles e arraigadas. Por esta razón, esiximos políticas de inmigración que respecten os dereitos humanos e políticas públicas estatais que creen alternativas para os traballadores migrantes en situación administrativa irregular, que loiten contra a súa exclusión e abuso no mercado laboral e que os protexan da trata e da prostitución. fóra da pobreza.

As mulleres en situación de explotación sexual non foron protexidas neste contexto nin se garantiron medidas eficaces para pechar esta actividade a pesar do risco para a saúde. Preferiuse seguir mirando para outro lado. Todo isto fai imprescindible a implementación de políticas públicas e protocolos globais contra a trata, que implementan o Protocolo de Palermo para que as mulleres vítimas de trata e en situación de prostitución teñan alternativas de formación e emprego, vivenda alternativa e asilo e mecanismos de protección. Reais.

Nun momento no que as taxas de pobreza e exclusión aumentan, non podemos esquecer o negocio dos úteros subrogados, que recordamos, afecta sobre todo ás mulleres pobres que son as que son conducidas a esta forma de explotación capitalista e patriarcal que segue a crear mercado nichos a costa da mercantilización dos corpos das mulleres.

A pandemia volveu relegar ás mulleres ao fogar, desprazándonos do espazo público. Non podemos permitir retroceder na relevancia da perspectiva de xénero que impregna a reconstrución social e que o teletraballo non significa facernos desaparecer do espazo público e da toma de decisións. Seguimos sendo invisibles na historia, polo que seguiremos promovendo todas as accións que recuperen a nosa memoria histórica e sirvan de referencia para as mulleres actuais e futuras.

Este ano tamén se promoveu a lei esencial de liberdade sexual para garantir o consentimento e facer entender que só se é afirmativo. E é que aínda hai moito camiño por percorrer neste sentido e é esencial que estea acompañado dunha educación afectivo-sexual desde a igualdade e diversidade sexual, identidade de xénero e / ou expresión e que educa aos homes nun masculinidade violenta.

A práctica da interrupción voluntaria do embarazo non está garantida para todas as mulleres e esiximos que se leve a cabo de xeito gratuito e dentro do Sistema público de saúde e denunciemos a represión dos que lideran a loita polos dereitos sexuais e reprodutivos.

Por estas e moitas razóns máis, é necesario que este Concello se comprometa a promover e aplicar a perspectiva de xénero nas accións que desenvolve e evitar que esta crise incremente as desigualdades e discriminacións, para o que é necesario cambiar os modelos patriarcais e capitalistas por modelos de igualdade, xustiza, paridade, liberdade, diversidade e democracia.

Hoxe en día, o feminismo segue sendo esencial para revertir a desigualdade, loitar contra a intolerancia e o odio e transformar a sociedade.

Polo tanto, o grupo municipal de Vilagarcía en Común, propón ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO

- 1.- Apoiar as accións que se desenvolven na reclamación do 8M facilitando con todos os medios materiais, persoais e de difusión o cumprimento das medidas sanitarias hixiénicas dos actos que as asociacións de mulleres convocan o 8 de marzo.
2. - Levante da bandeira feminista no Concello como símbolo de apoio á loita das mulleres
- 3.- Promover o debate social sobre o coidado, dentro das súas propias competencias, que permita cambiar o modelo actual que xera desigualdade e precariedade.
- 4.- Avaliar os recursos destinados á corresponsabilidade para adaptalos ás necesidades das familias e mellorar a súa cobertura, así como xerar recursos públicos ao respecto. Ter especial sensibilidade cara ás familias solteiras e numerosas.
- 5.- Avaliar a situación das persoas maiores e os recursos que teñen para desenvolver unha vida digna mellorando os programas e servizos públicos que a garantan.
- 6.- Articular na práctica e dentro das propias competencias, políticas globais e transversais con recursos económicos suficientes, xestión pública, con estatísticas e avaliacións, que cambien a realidade material das mulleres, en interese da igualdade real.
- 7.- Fortalecer o compromiso institucional pola igualdade de xénero e contra a violencia machista.
- 8.- Fortalecer os recursos económicos e humanos para o desenvolvemento de políticas de igualdade activas, completas e participativas, prestando especial atención ás mulleres migrantes e ás mulleres en situación de especial vulnerabilidade, para que todo o persoal público teña acceso a unha formación continua que lles permita previr, detectar e satisfacer as diferentes necesidades para corrixir as desigualdades estruturais dentro das súas habilidades profesionais; revisar os procedementos para garantir un bo trato e evitar situacións de violencia institucional.
- 9.- Implementar un Plan para a igualdade e contra a violencia machista, en coordinación con outras administracións públicas, acordado co movemento feminista e feminino, cuxo obxectivo é desenvolver as medidas contempladas no orzamento e que sexan avaliadas anualmente.

10.- Realizar un informe de impacto de xénero sobre as medidas adoptadas ou acordadas no pacto de reconstrución para introducir os factores correctores necesarios para evitar afondar nas desigualdades de xénero.

11.- Facer unha declaración de municipio libre de trata. Esta afirmación non pode seguir sendo unha declaración formal, debe ter unha vez máis unha dimensión real e cuantificable que se especifica nas propostas debidamente orzamentadas.

12.- Facer un plan para o peche de locais onde se consome a prostitución independentemente da licenza de actividade en virtude da cal operen. Dito plan debe contemplar a emerxencia sanitaria, a protección das mulleres e a articulación de medidas de protección, alternativas de vivenda, asistencia sanitaria e plans de inclusión laboral cunha metodoloxía de avaliación e seguimento.

13.- Desenvolver políticas destinadas á abolición da prostitución, como forma extrema de violencia contra as mulleres. Executar políticas activas para erradicar todas as formas relacionadas coa explotación sexual; con especial atención ás ordenanzas publicitarias e a todas aquelas que permitan ou faciliten directa ou indirectamente o desenvolvemento de actividades dirixidas a tal explotación.

14.- Rexeitar calquera ordenanza municipal que estea inspirada en posicións prohibicionistas e que, en consecuencia, penalice ás mulleres en situación de prostitución.

15.- Eliminar a publicidade discriminatoria ou denigrante de mulleres, xa sexa dos medios de comunicación, publicacións ou transporte público (carpas, taxis e autobuses, guías ou información turística, ...) ou non contratar con medios privados que a manteñan.

16.- Implementar actividades escolares complementarias con enfoques que promovan valores non sexistas contrarios a calquera tipo de discriminación.

17.- Que as medidas propostas se asumen a partir da dotación suficiente para levar a cabo.

18.- Que estas medidas teñen un seguimento e unha lista mínima de obxectivos programados para que se poida verificar a suficiencia orzamentaria, a correcta execución e a asignación de asignacións.

19.- Informar ao pleno do Concello da aplicación, seguimento e estatísticas das medidas acordadas anteriormente, como proba do compromiso real coa moción que se aproba.

En Vilagarcía de Arousa, 15 de febreiro do 2021.

A persoa representante do grupo municipal de Vilagarcía en Común indica que se realizarán algunhas modificacións no texto da moción antes da votación no Pleno da Corporación.

Non habendo máis intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

**VOTACIÓN:**

A persoa representante do grupo municipal de Vilagarcía en Común informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común para abordar a crise da COVID-19 con perspectiva de xénero.

Polo Concelleiro do grupo político municipal de Vilagarcía en Común indícase que se realizan as seguintes modificacións nos apartados da moción que se indican:

Cambiar a redacción do apartado 9, quedando do seguinte xeito:

9.- No momento en que se leve a cabo a modificación do Plan para a igualdade e contra a violencia machista, realizarase en coordinación con outras administracións públicas, acordado co movemento feminista e feminino, cuxo obxectivo é desenvolver as medidas contempladas no orzamento e que sexan avaliadas anualmente.

Retirar os apartados que figuran cos números 10 e 12 do texto da moción:

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde, coas modificacións indicadas, sendo o seu resultado o seguinte:

**VOTACIÓN.-** Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político de Vilagarcía en Común e,

- 1.- Apoiar as accións que se desenvolven na reclamación do 8M facilitando con todos os medios materiais, persoais e de difusión o cumprimento das medidas sanitarias hixiénicas dos actos que as asociacións de mulleres convocan o 8 de marzo.
2. - Levante da bandeira feminista no Concello como símbolo de apoio á loita das mulleres
- 3.- Promover o debate social sobre o coidado, dentro das súas propias competencias, que permita cambiar o modelo actual que xera desigualdade e precariedade.
- 4.- Avaliar os recursos destinados á corresponsabilidade para adaptalos ás necesidades das familias e mellorar a súa cobertura, así como xerar recursos públicos ao respecto. Ter especial sensibilidade cara ás familias solteiras e numerosas.
- 5.- Avaliar a situación das persoas maiores e os recursos que teñen para desenvolver unha vida digna mellorando os programas e servizos públicos que a garantan.
- 6.- Articular na práctica e dentro das propias competencias, políticas globais e transversais con recursos económicos suficientes, xestión pública, con estatísticas e avaliacións, que cambien a realidade material das mulleres, en interese da igualdade real.
- 7.- Fortalecer o compromiso institucional pola igualdade de xénero e contra a violencia machista.
- 8.- Fortalecer os recursos económicos e humanos para o desenvolvemento de políticas de igualdade activas, completas e participativas, prestando especial atención ás mulleres migrantes e ás mulleres en situación de especial vulnerabilidade, para que todo o persoal público teña acceso a unha formación continua que lles permita previr, detectar e satisfacer as diferentes necesidades para corrixir as desigualdades estruturais dentro das súas habilidades profesionais; revisar os procedementos para garantir un bo trato e evitar situacións de violencia institucional.
- 9.- No momento en que se leve a cabo a modificación do Plan para a igualdade e contra a violencia machista, realizárase en coordinación con outras administracións públicas, acordado co movemento feminista e feminino, cuxo obxectivo é desenvolver as medidas contempladas no orzamento e que sexan avaliábeis anualmente
- 10.- Facer unha declaración de municipio libre de trata. Esta afirmación non pode seguir sendo unha declaración formal, debe ter unha vez máis unha dimensión real e cuantificable que se especifica nas propostas debidamente orzamentadas.
- 11.- Desenvolver políticas destinadas á abolición da prostitución, como forma extrema de violencia contra as mulleres. Executar políticas activas para erradicar todas as formas relacionadas coa explotación sexual; con especial atención ás ordenanzas publicitarias e a todas aquelas que permitan ou faciliten directa ou indirectamente o desenvolvemento de actividades dirixidas a tal explotación.
- 12.- Rexeitar calquera ordenanza municipal que estea inspirada en posicións prohibicionistas e que, en consecuencia, penalice ás mulleres en situación de prostitución.
- 13.- Eliminar a publicidade discriminatoria ou denigrante de mulleres, xa sexa dos medios de comunicación, publicacións ou transporte público (carpas, taxis e autobuses, guías ou información turística, ...) ou non contratar con medios privados que a manteñan.
- 14.- Implementar actividades escolares complementarias con enfoques que promovan valores non sexistas contrarios a calquera tipo de discriminación.
- 15.- Que as medidas propostas se asumen a partir da dotación suficiente para levar a cabo.
- 16.- Que estas medidas teñen un seguimento e unha lista mínima de obxectivos programados para que se poida verificar a suficiencia orzamentaria, a correcta execución e a asignación de asignacións.
- 17.- Informar ao pleno do Concello da aplicación, seguimento e estatísticas das medidas acordadas anteriormente, como proba do compromiso real coa moción que se aproba.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210225&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO**

## **MUNICIPAL DE PODEMOS-MAREA DA VILA, PARA A MELLORA DAS CONDICIÓNS DAS TRABALLADORAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR E DE PROTECCIÓN ANTE A COVID-**

**19.-** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 25 de febreiro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila coa data de 16 de febreiro de 2021, do seguinte teor:

María de la O Fernández González, como voceira do Grupo Municipal de Marea da Vila, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do mes de febreiro, a seguinte moción:

Moción para a mellora das condicións das traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar e de protección ante a COVID19.

O Servizo de Axuda ao Fogar ( SAF) é un dos piares que sustenta o noso Sistema de Atención á Dependencia, sobre todo a partir da aprobación en 2006 da Lei 39/2006, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de Dependencia. Trátase, polo tanto, dun servizo público de carácter esencial cuxa finalidade é garantir a igualdade no dereito subxectivo de cidadanía mediante a promoción da autonomía persoal das persoas en situación de Dependencia.

O persoal do SAF, un sector maioritariamente feminizado, compóñeno persoas con especialización que proporcionan unha serie de atencións no seu domicilio a persoas con dificultades para o seu desenvolvemento habitual (fundamentalmente persoas maiores pero tamén persoas con diversos graos de dependencia) e de apoio nas actividades básicas da vida diaria, permitindo deste xeito a autonomía das persoas e facilitando a permanencia nos seus fogares.

Estamos falando dun servizo fundamental para a dignidade das persoas en situación de vulnerabilidade no que, como coa maioría de tarefas relacionadas cos coidados, as condicións de traballo están precarizadas e non se corresponden co valor real que este servizo supón para a sociedade. Que este servizo se desenvolva dentro do entorno doméstico contribúe á invisibilidade das traballadoras e traballadores do mesmo e inflúe nunhas maiores condicións de precariedade, algo que se estende ás coidadoras familiares que o realizan ao abeiro da Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.

Se ben a crise da COVID puxo en evidencia o valor dos coidados e nos amosou a fragilidade do sistema actual, introducindo o debate sobre a necesidade de fortalecelo, o transcurso do tempo segue a revelar situacións derivadas da falta de perspectiva e compromiso para abordar a situación. No caso das traballadoras do SAF, as medidas que tomaron as institucións e as empresas para protexelas foron e son insuficientes. Escaseza de material, baixa realización de PCR, falta de protocolos definidos para afrontar posibles gromos etc. Todo isto resulta alarmante cando estamos falando de persoas que traballan en proximidade cun colectivo de persoas especialmente vulnerable, chegando cada unha delas a prestar atención a entre catro ou 8 persoas ao día no referente ao SAF de Vilagarcía. O SAF de Vilagarcía préstase de maneira indirecta a través da empresa Aralia e ten aproximadamente cincuenta traballadoras, sendo o concello con maior poboación da comarca e o que incluíu un maior número de persoas usuarias durante este tempo e cun aumento de persoas beneficiarias cada ano.

Durante o pasado mes de abril, auxiliares do SAF de Vilagarcía protestaron para denunciar a súa situación de invisibilidade e falta de recoñecemento nun momento da pandemia na que viron incrementada a carga de traballo. Entre as súas queixas estaban a falta de material e a realización de tarefas que non están contempladas no servizo, como son as de limpeza non relacionadas coas persoas usuarias. Ademais, a lista de tarefas moitas veces é xenérica e non sempre se axeita ao número de horas designadas e ás necesidades da persoa usuaria. Polo tanto, as auxiliares vense na situación de priorizar aquelas tarefas relacionadas co desenvolvemento persoal, o que pode xerar conflitos coas persoas usuarias e as familias que teñen a expectativa dun servizo que non se corresponde co asignado. Temos que recordar que as actividades que prestan as auxiliares do SAF se engloban dentro do sector sociosanitario.

Segundo sindicatos como a CIG as condicións de precariedade laboral na comarca sitúan os contratos de xornada completa só nun 15%, o resto, un 85%, son contratacións parciais. A regulación laboral do Servizo de Axuda no Fogar en Galicia, establécese no convenio suscrito con data do 3 de novembro de 2009 e publicado no DOG en febreiro de 2010 (existe un convenio marco estatal posterior pero sen melloras sensibles nas condicións do mesmo). Dito convenio, cunha vixencia de dous anos (ata o 31 de decembro de 2011) establece as condicións de traballo de todas as empresas do sector independentemente da fórmula xurídica. No seu articulado figuran os parámetros relativos a cuestións como a xornada de traballo, emprego e estrutura retributiva. Por exemplo, atendendo ao seu artigo 44 “Incremento de retribucións” sinala: “Durante a vixencia do presente convenio incrementaranse anualmente os conceptos reflexados nas táboas salariais, a excepción do plus de antigüidade, domingos e festivos e plus de dispoñibilidade, nas seguintes porcentaxes:

Para o exercicio 2009, o aumento será do IPC real correspondente ao exercicio 2008 máis 1,3 puntos.

Para o exercicio 2010, o aumento será del IPC real correspondente ao exercicio 2009 máis 2 puntos.

Para o exercicio 2011, o aumento será do IPC real correspondente ao exercicio 2010 máis 2 puntos.

En calquera caso, a comisión paritaria determinará os criterios de aplicación nos supostos no que o IPC non fose positivo”.

Sen embargo, no caso de Vilagarcía, e dado que as condicións do convenio colectivo autonómico non se revisan dende o ano 2009 (a pesar do seu vencemento en 2011) a evolución salarial faise en criterio á subida do IPC, o que provoca que as condicións salariais estean desfasadas. Un dato ilustrativo é que as traballadoras do SAF tiñan fai uns anos un salario bastante superior ao SMI. Sen embargo, as diferentes subidas do SMI e a falta de actualización das condicións do persoal auxiliar do SAF provocan que na actualidade ditas condicións estean moi próximas ao SMI, a pesar de tratarse dunha labor que require dun grao de especialización.

Asemade, a estrutura salarial que estipula o convenio inclúe outros factores como Plus de Antigüidade, Plus de Domingos e Festivos, Horas Extraordinarias ou Complemento de Distancia. Sen embargo, existen serias dúbidas de que estes criterios se estean a aplicar de maneira efectiva segundo o estipulado no mesmo.

En canto á incidencia da COVID neste colectivo en estreito contacto con persoas moi vulnerables, o pasado mes de abril o servizo veuse limitado porque varias auxiliares tiveron que ser confinadas debido ao positivo dunha usuaria. Tamén recentemente, dúas das supervisoras (que realizan labores de supervisión do servizo nos fogares das usuarias e se encargan de subministrar material e indicacións ás auxiliares) deron positivo por COVID.

Non consta que as administracións desenrolaran protocolos específicos, relacionados coa situación de pandemia, para o servizo de axuda no fogar. Nesta liña, os protocolos de vacinación establecidos polo Ministerio de Sanidade non se refiren concretamente a este sector (algo que é un indicativo da invisibilidade na que desenrolan a súa actividade) e deixa a decisión de en que fase se incorporan á vacinación a expensas das comunidades autónomas, o mesmo que no caso das coidadoras familiares ao abeiro da Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia. Tampouco existe un criterio vinculante que estableza a periodicidade das PCR. E, recentemente, o sindicato CGT denunciaba a discriminación das traballadoras do SAF ao non incluílas xunto ao persoal sanitario para que lle sexan consideradas enfermidades profesionais os contaxios por COVID, cando este colectivo é o segundo máis afectado despois do sanitario.

Cabe insistir en que o SAF é un servizo municipal que se xestiona de maneira indirecta, polo tanto, o Concello debe velar pola calidade do servizo que se presta ás usuarias, pero tamén traballar para que se garanta que o persoal laboral do SAF, en concreto as auxiliares, presta dito servizo en condicións de traballo dignas como corresponde cunha actividade esencial da que depende o benestar das nosas persoas maiores e dependentes en situación de especial vulnerabilidade.

Por todo o anterior, propoñemos ao pleno da corporación os seguintes

ACORDO:

Instar ao Concello de Vilagarcía a:

- Realizar unha campaña de información e sensibilización entre as supervisoras, auxiliares, usuarias e familias sobre a necesidade de aplicar as medidas de prevención e desinfección cando as traballadoras do SAF están no domicilio.
- Revisar o cumprimento por parte da empresa concesionaria do SAF do estipulado no actual convenio colectivo con código 8200675.
- Asegurarse de que a empresa concesionaria dispón dos protocolos de actuación específicos para a pandemia garantindo o seu cumprimento.
- Esixir ás empresas concesionarias do SAF que no protocolo se inclúa a creación de grupos burbulla entre as traballadoras e as familias que ten que atender cada unha delas para mellorar as condicións de seguridade fronte á pandemia tanto das traballadoras como das persoas usuarias e as súas familias.
- Incorporar nos pregos do servizo criterios sociais como condicións esenciais de execución que outorguen unha maior puntuación ás empresas/entidades que se comprometan coas condicións laborais das traballadora. Incorporar mecanismos para a fiscalización do cumprimento do convenio colectivo.
- Revisar que as follas de servizos ás usuarias estean personalizadas e inclúan as tarefas concretas correspondentes e proporcionais ás horas asignadas a cada usuaria.

Instar á Xunta de Galicia a:

- Instar ás partes á negociación dun novo convenio colectivo para a actualización das condicións na que se presta o Servizo de Axuda a Domicilio en Galicia.
- Realizar un test PCR mínimo mensualmente ás traballadoras do SAF incluíndo ademais ás coidadoras familiares que o fan ao abeiro da Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia .
- Instar ao Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións a:
- Ao recoñecemento das enfermidades profesionais específicas da labor do Servizo de Axuda no Fogar.
- Incluír ás traballadoras do SAF, como xa se fixo co persoal sanitario, para que lle sexan consideradas enfermidades profesionais os contaxios por COVID

Instar ao Ministerio de Sanidade a:

- Incluír ás traballadoras do SAF de xeito específico e prioritario no plan de vacinación da Sars-Cov2 incluíndo ás coidadoras familiares que o fan ao abeiro da Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia. E que así o momento da súa inclusión no mesmo non quede a expensas do que estableza cada comunidade autónoma.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo municipal de Podemos-Marea da Vila informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, Vilagarcía en Común e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila, para a mellora das condicións das traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar e de protección ante a COVID-19.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con oito votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (5), Vilagarcía en Común (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1) e doce votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE (12)

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para a mellora das condicións das traballadoras do Servizo de Axuda no

Fogar e de protección ante a COVID-19.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210225&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**12.- ADHESIÓN, SE PROCEDE, Á INICIATIVA EUROPEA DO PACTO DAS ALCALDÍAS PARA O CLIMA E A ENERXÍA.** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 25 de febreiro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía do seguinte teor:

**ASUNTO : PROPOSTA PARA ADHERIRISE Á INICIATIVA EUROPEA DO PACTO DAS ALCALDÍAS PARA O CLIMA E A ENERXÍA**

A Comisión Europea puxo en marcha en 2008 o Pacto das Alcaldías, unha iniciativa aberta a todas as cidades e municipios de Europa co obxectivo de involucrar ás autoridades locais e aos cidadáns no desenvolvemento e a aplicación da política enerxética da Unión Europea. O pacto consiste no compromiso das cidades asinantes de ir máis alá dos obxectos adoptados para o ano 2020 pola UE para reducir as emisións de CO<sub>2</sub> a través de medidas de eficiencia enerxética, de accións relacionadas coa promoción das enerxías renovables e da mobilidade urbana sostible. A adhesión a esta iniciativa ten como meta aumentar a eficiencia enerxética un 20%, aumentar o uso de enerxía procedente de fontes renovables outro 20% e reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro un 20% para o ano 2020.

O 15 de outubro de 2015, a Comisión Europea lanzou o Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía coa pretensión de reunir aos alcaldes das cidades europeas nunha rede permanente de intercambio de información para a aplicación de boas prácticas: mellorar a eficiencia enerxética no ámbito urbano, conseguir unha redución das emisións de CO<sub>2</sub> no ámbito territorial local e aumentar a resiliencia fronte ao cambio climático.

Para alcanzar estes obxectivos, os municipios adheridos ao Pacto comprométese a redactar un Plan de Acción para a Enerxía Sostible e o Clima (PACES), nun prazo máximo de dous anos dende a data de adhesión. O PACES inclúe:

- Un inventario de referencia de emisións para facer o seguimento da súa efectividade das accións de mitigación.
- Unha avaliación de riscos e vulnerabilidades ante o cambio climático.

Ademais cada dous anos deberase presentar un informe de seguimento do PACES.

O Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía consiste no compromiso dos Concellos signatarios de facer propios os obxectivos da Unión Europea para o ano 2030 e reducir as emisións de CO<sub>2</sub> no seu territorio en, polo menos, o 40% a través de medidas de eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovable, traballando á súa vez na implantación de medidas de adaptación ao cambio climático e aumento da resiliencia fronte a este, así como un aumento da cooperación coas entidades locais e rexionais similares na UE e fóra dela para mellorar o acceso á enerxía segura, sostible e alcanzable.

Por Orde do 26 de xaneiro de 2021 da Consellería de medio ambiente, territorio e Vivenda establécense as bases reguladoras da segunda convocatoria para a concesión de axudas a entidades locais asinantes do Pacto das Alcaldías para o clima e a enerxía sustentable e procédese á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para o ano 2021. Para poder optar a estas axudas e segundo o recollido no seu artigo 2 os beneficiarios terán que estar adheridos formalmente ao Pacto das alcaldías para o clima e a enerxía antes da solicitude da axuda.

Por todo iso, este Concello quere sumarse ao PACTO DAS ALCALDÍAS PARA O CLIMA E A ENERXÍA e apoiar esta iniciativa, necesaria para conseguir a sustentabilidade enerxética e a adaptación ao cambio climático do noso Concello, comprometéndose a:

1.- Reducir as emisións de CO<sub>2</sub> no noso territorio en ao menos un 40 por cento ata 2030 mediante



o aumento da eficiencia enerxética e un maior uso de fontes de enerxía renovables.

2.- Traballar na promoción de medidas para a adaptación ao cambio climático mediante a creación de plans de acción en favor da enerxía sustentable e o aumento da resiliencia fronte ao cambio climático.

3.- Elaborar un Inventario de Emisións de Referencia e unha avaliación de riscos e vulnerabilidades derivados do Cambio Climático, como base para o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) no que se resuman as accións clave que planean levar a cabo.

4.- Presentar o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable no prazo de 2 anos a partir da sinatura oficial do Pacto das Alcaldías para a supervisión e verificación do proceso.

5.- Desenvolvido o Plan de Acción, elaborar un informe bianual para a avaliación, control e verificación dos obxectivos, informando dos fitos acadados en cumprimento do Plan.

6.- Compartir a nosa visión, resultados, experiencia e coñecemento con outras autoridades locais e rexionais da Unión Europea.

7.- Adaptar as estruturas do Concello incluíndo a asignación de suficientes recursos humanos para o desenvolvemento das accións necesarias.

8.- Mobilizar á sociedade civil no noso ámbito para que participe no desenvolvemento do Plan de Acción.

9.- Comunicar os presentes acordos á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para facer posible as tarefas de apoio e coordinación.

En consecuencia, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1.- A adhesión do concello de Vilagarcía de Arousa ao Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea.

2.- Aceptar os compromisos citados anteriormente.

3.- Facultar ao Alcalde Vilagarcía a representar ao Concello na sinatura do Pacto de Alcaldes para o clima e a enerxía, así como en calquera outra actuación que se requira.

Vilagarcía de Arousa, a data da sinatura dixitalizada.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

#### VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a adhesión do Concello de Vilagarcía de Arousa á iniciativa Europea do Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

#### ACÓRDASE:

1.- A adhesión do concello de Vilagarcía de Arousa ao Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea.

2.- Aceptar os compromisos citados anteriormente.

3.- Facultar ao Alcalde Vilagarcía a representar ao Concello na sinatura do Pacto de Alcaldes para o clima e a enerxía, así como en calquera outra actuación que se requira.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210225&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**13.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO**

## **MUNICIPAL DO BNG SOBRE A TRANSFERENCIA DA AP9 A GALIZA.**

A petición da Concelleira do Grupo Político Municipal do BNG retirase polo Sr. Alcalde este asunto da Orde do Día da Sesión.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210225&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **14.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.**

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210225&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **15.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.**

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210225&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **16.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.** Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210225&punto=16>

Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **17.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.**

Debido á aplicación das normas de distancia social necesarias para a prevención do COVID-19 non asiste público á sesión.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210225&punto=17>

Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

E sen máis asuntos que tratar, ás 19:20, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.